



(SECRETARÍA)  
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA  
PONTEVEDRA

<b>ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTA CONCELLO O 5 DE MARZO DE 2015</b>
<b>LUGAR:</b> CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
<b>TIPO DE SESIÓN:</b> ORDINARIA <b>CONVOCATORIA:</b> PRIMEIRA

**SEÑORES/AS ASISTENTES:**

GRUPO P.P.

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS  
Alcalde-Presidente  
D. ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO  
Concelleiro  
DNA. AMALIA GOLDAR CORA  
Concelleira  
D. MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA  
Concelleiro  
D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN (abandona á sesión no momento do comezo do punto de rogos e preguntas)  
Concelleiro  
D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR  
Concelleiro  
DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA  
Concelleira  
D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS  
Concelleiro  
DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE  
Concelleira  
D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA  
Concelleira  
D. OSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS  
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES  
Concelleira  
D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ  
Concelleiro  
D. MANUEL OTERO ESPÍÑO  
Concelleiro  
D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO  
Concelleiro

DNA. M<sup>a</sup> MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE  
Concelleira  
DNA. ANA ASOREY BREA  
Concelleira  
DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS  
Concelleira  
D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ  
Concelleiro  
D. JOSÉ ANTONIO DURO DE LA FUETE  
Concelleiro

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS  
concelleiro

SECRETARIA EN FUNCIONS

DNA. M<sup>a</sup> JESUSA FERNÁNDEZ BASCUAS

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas e trinta minutos do día cinco de marzo de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José C. López Campos, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

**ORDE DO DÍA**

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 5 DE FEBREIRO DE 2015.

**B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL**

2º.- DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS PRESENTADOS POLO COMITÉ DE EMPRESA DO CONCELLO DA ESTRADA, RELATIVOS Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO PLENARIO ADOPTADO EN SESIÓN DO 18-12-2014, E POSTERIOR SOLICITUDE DE DESESTIMENTO DO DITO RECURSO.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE XANEIRO DE 2015.

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.

\*\*\*\*\*

**A) PARTE RESOLUTORIA**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN PLENARIA DO 5 DE FEBREIRO DE 2015.**

**Sr. Alcalde:** Boas tardes a todos. Damos comezo á sesión ordinaria do Pleno do mes de marzo coa seguinte Orde do Día.

A primeira parte, a parte resolutoria. O primeiro punto é a aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión plenaria do 5 de febreiro de 2015. Non sei se hai algunha cuestión ou alegación á acta?. Se non hai ningunha cuestión apróbase por unanimidade.

Apróbase por unanimidade a acta da sesión plenaria celebrada o día 5 de febreiro de 2015, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

#### **FÓRA DA ORDE DO DÍA**

**Sr. Alcalde:** Antes de pasar á parte de Xestión e Control, dunha forma... creo que dunha forma extraordinaria, creo que hai unha serie de asuntos fóra da Orde do Día, que ven por proposta do grupo do goberno, tamén por proposta dalgún dos grupos da oposición. Pois acordaron incorporalo fóra da Orde do Día desta sesión plenaria.

O primeiro deles, polo tanto, lles traslado que teremos que proceder ao anunciado dos asuntos, votar a súa urxencia e posteriormente, si lles parece oportuno, entrar no fondo do asunto e proceder ao debate de cada un dos asuntos

#### **A) EXERCICIO DE ACCIÓN DE RECUPERACIÓN DEMANIAL-INCOACIÓN SOBRE CAMIÑO COMUNAL RADICADO EN CASTRO RAMIRO - A SOMOZA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 02-03-2015.**

**Sr. Alcalde:** O primeiro punto é o exercicio de acción de recuperación demanial-incoación sobre camiño comunal radicado en Castro Ramiro - A Somoza; este é un expediente que creo que foi informado en Comisión, leva bastante tempo... é certo que nunha situación... e urxe a súa resolución, e os propios veciños nos pedían que o resolveramos coa maior axilidade posible, así que se solicita e se incorpora fóra da Orde do Día deste Pleno.

Non sei se hai algunha cuestión á urxencia?. Pois votamos a urxencia desta cuestión: votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

**Sr. Alcalde:** Non sei se hai algunha cuestión ao fondo do asunto?. Si non hai ningunha cuestión, procedemos á súa votación. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase, polo tanto, por unanimidade, o exercicio.....

**(intervencións que non se aprecian no audio)**

**Sr. Alcalde:** Ahhh!! perdón, ten a palabra ..... perdón, repetimos a votación, votos en contra?, abstencións?...

**Sra. Secretaria municipal en funcións:** Vaite máis ao xeito.

**Sr. Alcalde:** Partido Socialista e BNG, disculpen. E votos a favor?. Apróbase por maioría o exercicio de acción de recuperación demanial-incoación sobre camiño comunal radicado en Castro Ramiro - A Somoza, ditaminado na Comisión Informativa do Rural de 2 de marzo de 2015.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, polos votos a favor do PP (11) e as abstencións do PSdeG-PSOE (9) e BNG (1), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía Presidencia do 20-02-2015, relativa ao exercicio de acción de recuperación demanial–incoación sobre camiño comunal radicado en Castro Ramiro- A Somoza.

Visto que, en data 26-05-2006 (R.E. 5484), Dna. Nélica Concepción Sánchez Calviño denunciou a aparente invasión/apropiación (realización de obras de escavación, pechado, ...) dun camiño comunal en Castro Ramiro - A Somoza, por parte de D. José Antelo Antelo e Dna. M<sup>a</sup> Josefa Sanmartín Oreiro; solicitando o exercicio municipal das correspondentes accións defensora e recuperatoria do amentado ben.

Visto que, o día 16-08-2006, o Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde) informou sobre as obras que os denunciados estaban a facer (construción de escaleiras e rebaixe dun anaco de terreo), cualificando estes feitos construtivos como ilegais, por canto carentes de licenza urbanística previa. Igualmente, propoñía a retirada do muro de formigón que impedía o acceso ao antigo camiño.

Visto que, en data 28-08-2006, a Xunta de Goberno Local incoou procedementos repositorio da legalidade urbanística e administrativo-sancionador contra os denunciados, baixo a responsabilidade instrutora do entón Concelleiro Delegado de Urbanismo (Sr. Reboredo Baños), quen cualificou a infracción urbanística como leve en data 05-10-2006, entre outros extremos.

Visto que, o mesmo órgano colexiado municipal, na súa sesión de data 26-10-2009, acordou contratar á mercantil Ceres Oficina Técnica Agrícola, S.L. para a realización do traballo técnico reclamado polos denunciados, que a Oficina Técnica Municipal non podía levar a cabo por indispoñibilidade material.

Visto que, en data 11-08-2010 (R.E. 9767) o Enxeñeiro Técnico Agrícola, D. José Constenla Pego (en nome e representación da sociedade contratista sinalada), presentou o seu informe pericial (datado o 09-08-2010, visado nº 20100905), concluindo á vista dos antecedentes e documentos obrantes no expediente, e de acordo coas súas pertinentes observacións e indagacións:

que, o terreo existente entre as respectivas edificacións das partes denunciante e denunciada, é baldío ou comunal (de ancho similar á dita separación).

que, parte das escaleiras e o terreo escavado radican nese terreo comunal.

que, relativo ao posible perigo xerado na casa da denunciante polas obras realizadas polos denunciados, precisaríase un estudo xeotécnico para, a teor do mesmo, proxectar un muro de contención (no seu caso).

que, o muro situado ao leste da casa dos denunciados interrompe o acceso ao terreo veciñal e impide o seu uso público.

que, un enxeñeiro t. agrícola é competente para deseñar calquera muro de contención de terreo, e para informar sobre a resistencia do mesmo, con independencia de factores como a súa tipoloxía, cargas, etc.; e, con independencia de que na súa parte superior exista unha vivenda.

Visto que, o día 20-07-2011, o Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal (persoal funcionario) ratificou (conformou) a metodoloxía e conclusións do informe pericial contratado polo Concello.

Visto que, en data 20-03-2012, emitiu informe o Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao), salientando:

- que, as obras de acondicionamento de terreos teñen carácter maior.
- que, o peche non respecta o recúe mínimo de 4,00 m.l. do eixo da vía pública á que dá fronte.

- que, o movemento de terras realizado ten a condición de prohibido ao alterar a topografía natural do terreo rústico.
- que, o terreo comunal ocupado superficie 54,00 m<sup>2</sup>.
- que, procede a recuperación do uso público do terreo comunal indicado, con fundamento na investigación pericial contratada e conformada por parte do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal.
- que, con carácter previo, procede artellar un deslinde administrativo do terreo municipal e do privado (inmóbles colindantes).
- que, no seu caso, o custe dunha eventual execución subsidiaria ascendería a 24.280,81 €, sendo o prazo de execución estimado en 2 meses; todo isto, en sede dun proxecto técnico (ao tratarse de obra maior).
- que, cómpre a adopción de medidas cautelares varias.
- que, todos os indicios apuntan a obras realizadas sobre terreo comunal, sen licenza urbanística previa nin autorización demanial, polo que procede a recuperación, previo deslinde.

Visto o informe xurídico emitido en data 14-06-2012 polo do T.A.X. do Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto o informe técnico emitido polo Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao) en data 26-06-2012, complementario do de 20-03-2012 (analizou o orzamento do deslinde administrativo).

Visto, en definitiva, e relativo á presunta invasión demanial denunciada, que o traballo de investigación pericial contratado, e asinado polo Enxeñeiro Técnico Agrícola, Sr. Constenla Pego (conformado polo funcionario -Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal, Sr. Brea Villaverde, e non discutido a este respecto por parte do Arquitecto Municipal -Sr. Sanmartín Chao-), concluíu a existencia na radicación indicada, dun camiño comunal indebidamente invadido (54,00 m<sup>2</sup>) por particulares varios (con obras; e pechado), do que a súa desocupación sería precisa para garantir a dispoñibilidade dos terreos para o seu uso público, previa a práctica dun deslinde administrativo.

Visto que, conseguintemente, ese traballo técnico avalou o exercicio por parte do Concello das accións de defensa e protección do ben comunal aparente e indebidamente invadido/ocupado por particulares (salvo erro ou omisión, non consta previa licenza urbanística nin concesión/ autorización demanial que ampare/n este/s feito/s).

Visto que, do art. 132.3 C. dimana a obriga que ten a Administración Pública de protexer e defender o seu patrimonio, exercendo as potestades administrativas mailas accións xudiciais que sexan procedentes (art. 28 da Lei 33/2.003, do 3 de Novembro, e concordantes do RBCLL), tanto se se trata dos seus bens demaniais como patrimoniais; tendo isto por obxecto, non só a protección *stricto sensu* da titularidade pública de forma inmediata, senón garantir, tamén, as funcións públicas que presten eses bens e que dan sentido á súa existencia, para o que a Administración goza de determinadas prerrogativas: de investigación, de deslinde, de recuperación da posesión de oficio, ...

Visto que, sen prexuízo da acción recuperadora da posesión, a Oficina Técnica Municipal considerou necesario a práctica dun deslinde administrativo previo.

Visto que, o deslinde constitúe unha potestade/prerrogativa administrativa de conservación e tutela dos bens públicos propios respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resultasen imprecisos ou cando existiran indicios de usurpación, que se materializa (en aras de delimitar perimétralmente os contornos dos inmóbles da súa titularidade respecto dos de terceiros), en residencia do apeo e amolloamento ao longo da liña divisoria, de sorte que, con este, se efectuará unha declaración administrativa dun estado posesorio, presumido *iuris tantum* e

determinado por unha titularidade preexistente, aínda que, efectivamente, non sirva para reclamar a titularidade pública dun inmovible. O deslinde é unha potestade administrativa de conservación e tutela dos bens públicos respecto dos particulares, cando os límites entre uns e outros resulten imprecisos ou cando existan indicios de usurpación.

Visto que, o deslinde materialízase a través das operacións técnicas que resulten necesarias para comprobar e delimitar perimetralmente, no seu caso, as distintas titularidades: apeo e amolloamento.

Vista a Memoria do deslinde elaborada polo Enxeñeiro Técnico Agrícola contratado, Sr. Constenla Pego (conformada polo funcionario- Enxeñeiro Técnico Agrícola Municipal, Sr. Brea Villaverde); así como o Orzamento de gastos (material e persoal), elaborado polo Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao).

Visto o acordo do Concello Pleno de data 13-12-2012 (previo ditame da Comisión Municipal Informativa de Rural e Medio Ambiente do 22-11-2012), do que a súa parte dispositiva figurou co seguinte teor:

*...“1º.- A aprobación, de oficio, do exercicio contraditorio dunha acción de deslinde administrativo do camiño comunal radicado en A Somoza (Castro Ramiro), concretamente, entre as edificacións sitas na finca catastral nº 36017A154000020000RT (parcela 2, polígono 154) e na nº 36017A154000030000RF (parcela 3, polígono 154); en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio.*

*2º.- Conseqüentemente, iniciar o procedemento de deslinde administrativo.*

*3º.- Publicar o anuncio do deslinde no B.O.P., web municipal e taboleiro, fixando a data do inicio das operacións técnicas de apeo e amolloamento provisorio para o día 23.05.13, a partir das 10:00 horas, a realizar pola Oficina Técnica Municipal No indicado anuncio especificarase que dende o día número 1 ao día número 40 a contares dende a publicación do anuncio no B.O.P., os colindantes e demais interesados lexítimos poderán presentar os documentos que estimen oportunos na defensa dos seus dereitos e intereses (non se admitirán de presentarse extemporaneamente).*

*4º.- Notificar individual e nominalmente aos propietarios colindantes (Dna. Nélica Concepción Sánchez Calviño; e, D. José Antelo Antelo e Dna. Mª Josefa Sanmartín Oreiro), para coñecemento e efectos.*

*5º.- Asumir con cargo ao Orzamento municipal os gastos do deslinde administrativo (408,82 €).*

*6º.- Comunicar o acordo plenario de inicio do deslinde ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada para que tome razón mediante a práctica de nota marxinal das inscricións dominicais, e para os demais efectos preceptivos.”....*

Visto o anuncio do deslinde publicado no Faro de Vigo (14-01-2013), na Voz de Galicia (11-01-2013), no Taboleiro Municipal, e no B.O.P. nº 17/2013, do 24 de xaneiro.

Visto o informe do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal de data 05-02-2013.

Visto o certificado municipal relativo ao trámite de información pública, asinado pola Secretaría en funcións, en data 15-03-2013.

Vista a alegación formulada por Dna. Josefa Sanmartín Oreiro en data 25-04-2013 (R.E. nº 4727/2013, do 29 de abril), complementada polo seu escrito do 26-04-2013 (R.E. nº 4862/2013, do 2 de maio), obxecto de informes técnicos por parte do Arquitecto Municipal, Sr. Sanmartín Chao (do 08-05-2013) e do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (de data 20-05-2013).

Vista a Acta do deslinde realizado o día 23-05-2013, así como os anudados informes técnicos xustificativos do realizado: do Arquitecto Municipal, Sr. Sanmartín Chao (de data 10-07-2013) e do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (de data 20-09-2013).

Vista a posta de manifesto do expediente do deslinde ás partes afectadas/interesadas, en data 23-10-2013 (números de Rex Saída: 6856, 6857 e 7200).

Vista a alegación presentada por Dna. Josefa Sanmartín Oreiro, en data 22-11-2013 (R.E.. nº 13415/2013, do 27 de novembro).

Vistos os informes desfavorables ao alegado pola Sra. Sanmartín Oreiro, asinados en datas 20-12-2013 e 16-01-2014 por parte do Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao) e do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde).

Vistos, o art. 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, en relación cos artigos 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas.

Visto que, compete ao Concello Pleno o exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria (art. 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de Abril; art. 50.17 R.O.F.).

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente en sesión do 29-01-2014.

Visto o acordo plenario de data 06-02-2014, desestimatorio, por unha parte, da alegación referida ao deslinde realizado, formulada por Dna. Josefa Sanmartín Oreiro en data 22-11-2013 (R.E. nº 13415/2013, do 27 de novembro), en base aos informes asinados en datas 20-12-2013 e 16-01-2014 por parte do Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao) e do Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde), do que a súa copia selada lles foi facilitada, para coñecemento e efectos. E, por outra banda, aprobatorio do deslinde administrativo realizado polos técnicos municipais (Sres. Sanmartín Chao e Brea Villaverde) en data 23-05-2013, do camiño comunal radicado en A Somoza (Castro Ramiro), concretamente, entre as edificacións sitas na finca catastral nº 36017A154000020000RT (parcela 2, polígono 154) e na nº 36017A154000030000RF (parcela 3, polígono 154); en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio.

Visto o recurso de reposición que contra o significado acordo plenario interpuxo en data 18-03-2014 (R.E. 3117 ) Dna. Josefa Sanmartín Oreiro.

Visto o informe que sobre o dito recurso e sobre a conseguinte acción de recuperación demanial asinou en data 10-02-2015, o Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao), remitíndose ao argumentado en precedentes informes técnicos, e describindo o diagrama técnico procedemental da recuperación demanial a acometer para que o camiño comunal quede expedito.

Visto o informe que sobre iguais extremos e en similares termos emitiu en data 20-02-2015 o Enxeñeiro T. Agrícola Municipal (Sr. Brea Villaverde ), subliñando que o contido do recurso non é estimable, por canto reitera argumentos xa desfavorablemente informados en sede do trámite alegatorio inmediatamente anterior ao acordo plenario sinalado, e que este xa desestimara expresamente.

Vistos os arts. 21.1.k, e 22.2.j da Lei 7/1985, do 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, arts. 201 e 280.1.b) e seguintes da Lei 5/1997, do 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia, en relación cos artigos 44.1.b) e 56 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, e concordantes da Lei 33/2003, do 3 de Novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, ao órgano municipal competente

(Concello Pleno, previo ditame da Comisión Municipal Informativa competente por razón da materia), en sede do inescusable deber de defensa municipal do seu patrimonio,

Visto, finalmente, o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, en sesión do 02-03-2015.

### ACORDAMOS:

1º.- Desestimar o recurso de reposición interposto por Dna. Josefa Sanmartín Oreiro contra os pronunciamentos do acordo plenario de data 06-02-2014, ao quedar suficientemente acreditado nos informes técnicos de referencia, que está invadindo indebidamente, na radicación indicada, o significado camiño comunal. E, por reiterar argumentos xa desfavorablemente informados en sede do trámite alegatorio inmediatamente anterior ao dito acordo plenario, e que este xa desestimara expresamente.

2º.- Incoar procedemento/acción de recuperación demanial relativo ao ben comunal descrito, designando como Concelleiro responsable da súa instrución a D. Alberto Blanco Carracedo.

3º.- Poñer de manifesto o expediente formado a Dna. Josefa Sanmartín Oreiro e a D. José Antelo Antelo, polo prazo de 10 días (audiencia), para que manifesten o que estimen oportuno ou presenten as probas que consideren convenientes na defensa dos seus dereitos e intereses, quedando á súa disposición o expediente íntegro ata agora formado, nas dependencias do Departamento de Urbanismo da Casa Consistorial (de luns a venres, de 09:00 horas a 14:00 horas).

De desatender o antedito ou de presentar alegacións/probas que non desvirtúen o criterio municipal posto de manifesto na documentación e acordos de referencia, o Concello poderá proceder, sen máis, ao exercicio material directo dunha acción de recuperación posesoria sobre o ben comunal invadido/ocupado indebidamente, e conseguintemente requirir a Dna. Josefa Sanmartín Oreiro e a D. José Antelo Antelo, para que teñan a amabilidade de desocupar o terreo comunal que invaden.

Para este efecto, de conformidade coa indicada información técnica, avánzaselles que, de ser o caso, deberían de presentar, no prazo 45 días, o preceptivo proxecto técnico xustificativo da obra precisa para a desocupación do camiño comunal (proxecto, estudo básico de seguridade e saúde, direccións facultativas e coordinación da seguridade e saúde en obra, etc.); obra, do que a súa execución, en ningún caso excedería do prazo de 2 meses, unha vez licenciada en sede municipal.

Isto, baixo pena da inmediata execución subsidiaria municipal, sendo os gastos á súa costa, estimados provisoriamente no informe do Arquitecto Municipal (Sr. Sanmartín Chao) de data 10-02-2015, en 24.898,12 euros, segundo o seguinte detalle:

Cadro de man de obra	Precio	Horas	Total
HONORARIOS	900,00	1,000Ud	900,00
Oficial 1ª encofrador	20,00	50,895Hr	1.017,90
Oficial 1ª ferralla	18,00	11,610Hr	208,98
Axudante ferralla	16,50	11,610Hr	191,57
Axudante encofrador	16,50	50,895Hr	839,77
Maquinista ou condutor	14,80	11,328Hr	167,65
Peón especializado	14,25	2,026Hr	28,87



Peón solto	14,23	76,275Hr	1.085,39
Colocación form. En cementos	4,49	3,618M3	16,24

Total man de obra: **4.456,37**

Cadro de maquinaria	Precio	Horas	Total
Transporte compresor	60,00	0,068Ud	4,08
Retro-martelo rompedor 400	47,00	0,513Hr	24,11
Rulo autopropulsado 10 a 12 T	40,00	9,720Hr	388,80
Camión 10 T. Basculante	34,00	4,320Hr	146,88
Motoniveladora media 110 CV	30,00	1,620Hr	48,60
Retro-Pala excavadora	30,00	1,500Hr	45,00
Pala cargadora 1,30 M3.	22,00	3,888Hr	85,54
Cortadora fgón. Disco diamante	8,50	1,000Hr	8,50
Martelo compresor 2.000 l/min	4,00	10,800Hr	43,20
Pluma grúa de 30 mts.	3,80	24,300Hr	92,34
Montaxe e desmontaxe P.L.G 30 m	0,15	24,300Hr	3,65
Total maquinaria:			<b>890,70</b>

Cadro de materiais	cantidade	precio	Total
Madera pino encofrar 26 mm.	138,72	0,892 M3	123,74
Formigón HA-25/P/20/ lia central	76,68	33,750 M3	2.587,95
Formigón HM-20/P/40/ I central	73,20	3,618 M3	264,84
Zahorra natural	13,30	148,500 M3	1.975,05
Fabr. Y tte. De hormigón	7,79	3,618 M3	28,18
Encofr.desencofr.cimient.sole	3,80	36,180 M2	137,48
Puntas plana 20x100	2,00	2,795 Kg	5,59
Sika Parement	1,86	8,100 Lt	15,07
Auga	1,51	54,000 M3	81,54
Arame atar 1,3 mm.	1,13	25,860 Kg	29,22
Aceiro corrugado B 500-S	0,75	1.494,788 Kg	1.121,09
Total materiales:			<b>6.369,75</b>

Cadro de prezos nº 1			
nº	Designación	Importe	
			En cifra En letra
1	P.A. xestión de residuos		1.100,00MIL CEN EUROS
2	P.A. PARTIDA ALZADA DESTINADA AO CONTROL DE CALIDADE DOS MATERIALES.		800,00OITOCENTOS EUROS
3	P.A. PARTIDA DESTINADA A CUBRI-LOS GASTOS DE SEGURIDADE E SAÚDE EN CUMPRIMENTO DO RD 1627/1997 POLO QUE SE DISPOÑEN AS CONDICIÓN MÍNIMAS DE SEGURIDADE E SALÚDE NAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN.		1.600,00MIL SEISCENTOS EUROS
4	M3 M3. Demolición muro de formigón armado de espesor variable, con retromartelo rompedor, i/retirada de escombros a pé de carga, maquinaria auxiliar de obra E p.p. de custes indirectos, segundo NTE/ADD-16.		38,06TRINTA E OITO EUROS CON SEIS CÉNTIMOS
5	M2 M2. Demolición de soleira ou pavimento de formigón en masa, de 10 cm. de espesor, con retro-pala excavadora, i/corte previo en puntos críticos, retirada de escombros a pé de carga e p.p. de custes indirectos.		5,86CINCO EUROS CON OITENTA E SEIS CÉNTIMOS
6	M3 M3. Escavación, con compresor de 2000 l/min., en terreos de consistencia dura, para apertura de gabias, i/extracción manual de terras aos bordes e p.p. de custes indirectos.		20,31VINTE EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS
7	M2 M2. Estendido de terres procedentes da propia excavación, cun espesor máximo de 20 cm., por medios mecánicos, i/p.p. de custes indirectos.		0,85OITENTA E CINCO CÉNTIMOS
8	M3 M3. Recheno, estendido e compactado de terras, por medios mecánicos, en tongadas de 30 cm. De espesor, i/aporte de las mesmas, regado y p.p. de custes indirectos.		24,36VINTECATRO EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS

9	M3 M3. Formigón armado HA-25/P/20/ lia N/mm2, con tamaño máximo del árido de 20mm., elaborado en central en recheno de zapatas de cimentación, i/armadura B-500 S (40 Kgs/m3), encofrado e desencofrado, vertido por medios manuais, vibrado e colocación. Segundo CTE/DB-SE-C y EHE-08.	189,36	CENTO OITENTA E NOVE EUROS CON TRINTA E SEIS CÉNTIMOS
10	M3 M3. Formigón armado HA-25/P/20/ lia N/mm2, con tamaño máximo del árido de 20 mm., elaborado en central en recheno de muros, incluso armadura B-500 S (45 kg/m3), encofrado e desencofrado con panel metálico, a dúas caras, vertido por pluma-grua, vibrado e colocado. Segundo CTE/DB-SE-C e EHE-08.	298,25	DOUSCENTOS NOVENTA E OITO EUROS CON VINTICINCO CÉNTIMOS
11	Ud Ud. Redacción de proxecto técnico e Estudo Básico de Seguridade e Saúde e as correspondentes direccións facultativas e coordinación en materia de seguridade e saúde.	954,81	NOVECIENTOS CINCUENTA E CUATRO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS
12	MI MI. Cuneta triangular revestida de formigón HM-20/P/40/IIA (e=0.10 m), taludes 2/1-2/1 y profundidad 0.30 m.	17,55	DEZASETE EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS

UDS	DESIGNACIÓN	MEDICIÓN	PREZO UNIT.	IMPORTE
	Demolición muro de formigón armado de espesor variable, con retromartelo rompedor, i/retirada de escombros a pie de carga, maquinaria auxiliar de obrae p.p. de custes M <sup>3</sup> indirectos, según NTE/ADD-16.	1,080	38,06	41,10 €
	Demolición de soleira ou pavimento de formigón en masa, de 10 cm. De espesor, con retro-pala escavadora, i/corte previo en puntos críticos, retirada de escombros a pé de carga e p.p. de M <sup>2</sup> custes indirectos.	20,00	5,86	117,20 €
	Escavación, con compresor de 2000 l/min., en terreos de consistencia dura, para apertura de gabias, i/extracción manual de terras aos M <sup>3</sup> bordes e p.p. de custes indirectos.	13,50	20,31	274,19 €
	Formigón armado HA-25/P/20/ lia N/mm2, con tamaño máximo del árido de 20 mm., elaborado en central en recheno de muros, incluso armadura B-500 S (45 kg/m3), encofrado e desencofrado con panel metálico, a dúas caras, vertido por pluma-grua, vibrado e colocado. M <sup>3</sup> Segundo CTE/DB-SE-C e EHE-08.	20,25	298,25	6.039,56 €
	Formigón armado HA-25/P/20/ lia N/mm2, con tamaño máximo del árido de 20mm., elaborado en central en recheno de zapatas de cimentación, i/armadura B-500 S (40 Kgs/m3), encofrado e desencofrado, vertido por medios manuais, vibrado e colocación. Segundo M <sup>3</sup> CTE/DB-SE-C y EHE-08.	13,50	189,36	2.556,36 €
	Recheno, estendido e compactado de terras, por medios mecánicos, en tongadas de 30 cm. De espesor, i/aporte das mesmas, regado e p.p. M <sup>3</sup> de custes indirectos.	135,0	24,36	3.288,60 €
	M <sup>2</sup> Estendido de terras procedentes da propia escavación, cun espesor máximo de 20 cm., por medios mecánicos, i/p.p. de custes indirectos.	54,00	0,85	45,90 €
	MCuneta triangular revestida de formigón HM-20/P/40/IIA (e=0.10 m), noiros 2/1-2/1 y profundidade 0.30 m.	27,00	17,55	473,85 €
	Redacción de proxecto técnico e Estudo Básico de Seguridade e Saúde e as correspondentes direccións facultativas e coordinación en Ud materia de seguridade e saúde.	1	954,81	954,81 €
	UdXestión de residuos	1	1.100,0	1.100,00 €
	UdControl de calidade	1	800,00	800,00 €
	UdSeguridade e saúde	1	1.600,0	1.600,00 €
			<b>TOTAL ORZAMENTO</b>	<b>17.291,57€</b>

Resumo do orzamento	
Capítulo 1 DEMOLICIÓNS	158,30

Capítulo 2 ACONDICIONAMENTO DO TERREO E OBRA CIVIL	12.678,46
Capítulo 3 OUTROS	954,81
Capítulo 4 XESTIÓN DE RESIDUOS	1.100,00
Capítulo 5 CONTROL DE CALIDADE	800,00
Capítulo 6 SEGURIDADE E SAÚDE	1.600,00
<hr/>	
Orzamento de execución material	17.291,57
13% de gastos xerais	2.247,90
6% de beneficio industrial	1.037,49
Suma	<hr/> 20.576,96
21% IVA	4321,16
<hr/>	
Orzamento base de licitación	<b>24.898,12 €</b>

Ascende o orzamento base de licitación á expresada cantidade de VINTE E CATRO MIL OITOCENTOS NOVENTA E OITO EUROS E DOCE CÉNTIMOS.

4º.- Notificar este acordo, individual e nominalmente, para coñecemento e efectos, aos propietarios colindantes:

- Dna. Nélica Concepción Sánchez Calviño, con enderezo na rúa Ángeles Rodríguez González nº 39, O Castiñeiriño – 15702 Santiago de Compostela
- Dna. Josefa Sanmartín Oreiro e D. José Antelo Antelo, con enderezo na rúa Galicia nº 14, 1º esquerda – 15841 Santa Comba.

5º.- Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario da Estrada, para coñecemento e efectos.

6º.- Notificar este acordo á Intervención de Fondos Municipais, para coñecemento e efectos.

7º.- Dar traslado deste acordo ao órgano instrutor (D. Alberto Blanco Carracedo), para coñecemento e efectos.

\*\*\*\*\*

**B) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE EN RELACIÓN AO ANÁLISE SOBRE A SITUACIÓN DE EXECUCIÓN DOS PROCESOS DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA QUE AFECTAN AO CONCELLO DA ESTRADA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DO RURAL E MEDIO AMBIENTE DE 02-03-2015.**

**Sr. Alcalde:** Outro asunto fóra da Orde do Día é unha Moción presentado polo Partido Socialista e tamén ditaminada e debatida en Comisión Informativa, sobre o análise sobre a situación de execución dos procesos de concentración parcelaria que afectan ao Concello da Estrada. É unha cuestión xa coñecida por parte dos grupos, non sei si procede por parte do grupo facer defensa da urxencia?, senón creo que está suficientemente xustificada, así que votamos directamente a urxencia. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

**Sr. Alcalde:** Supoño que o grupo socialista quere facer a defensa da moción, polo que ten a palabra polo grupo socialista a señora Dna. Belén Louzao.

**Dna. Belén Louzao Vieites, Concelleira do PSdeG-PSOE:** Boas noites. Grazas Alcalde. En efecto, está moción coñecida xa por todos e debatida en Comisión, se alcanza para recoller a preocupación dos veciños e das veciñas afectadas polos procesos de concentración que todavía están abertos no noso Concello. Estamos a falar de procesos de concentración, sen ir máis lonxe, o de Arca, Nigoi ou o de Codeseda, que se sentaron as bases, por exemplo, no 1972, procesos de concentración parcelaria que afectan a centos hectáreas que agora mesmo, tal e como están, impiden o acceso dos propietarios ás súas parcelas, procesos que se atopan en fase administrativa de acordo e que fai máis dun ano que estaban pendentes de resolución os seus recursos. O que se pide nesta Moción é reiterar unha vez máis á Xunta de Galicia que axilice os procesos administrativos dos procesos de concentración abertos no noso Concello, que proceda a facer os viais secundarios e que arranxe os accesos ás parcelas para que os veciños poidan tomar posesión das mesmas, posto que xa son moitos os anos de demora destes procesos, e o que se está facendo é que, nestes momentos de dificultades, o que podría ser unha axuda e unha... quizais unha oportunidade laboral para moitos veciños da Estrada, estea parado e estea sin facilitar o traballo das fincas en cuestión. Por eso pedir e agardar que se manteña o acordo acadado na Comisión para instar unanimemente esta Corporación á Xunta de Galicia que nos remita un informe dos prazos nos que vai a acabar de executar estas concentracións, proceder ao arranxo dos viais que se atopan bastante deteriorados e realice os accesos ás vías secundarias e os accesos ás fincas dos particulares, e tome conciencia da necesidade de rematar tamén na parroquia de Souto a concentración, ao ser a única parroquia do Concello da Estrada na que non sen ten feito, e comence a sentar as bases para, canto antes, se axilicen estes procesos. Moitas gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Moitas gracias Sra. Louzao. Por parte do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Xosé Magariños Maceiras, Concelleiro do BNG:** Esta demora na resolución das concentracións de Arca-Codeseda por falta de ansia da Xunta en resolver estes procesos, estalle causando, como é lóxico, un gran prexuízo aos veciños das parroquias afectados. Como xa comentaba na Comisión, son reiteradas as queixas dos veciños de Arca-Codeseda sobre o estado en que están os viais, porque non teñen o máis mínimo mantemento e están... resultanlles totalmente imposible circular por moitos deles. Non é a primeira vez que traemos a este Pleno, tamén non é a única vez que nos poñemos de acordo a tres forzas políticas en demandar á Xunta de Galicia que axilice os prazos e que remate dunha vez con estos procesos, pero bueno, non está de máis..., o que é triste é que teñamos que volver a insistir no mesmo punto, que se poñan as pilas e que resolvan os problemas aos veciños e veciñas afectados por estas concentracións.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Pois moitas gracias. Eu creo que tanto na Comisión como hoxe no Pleno hai acordo unánime en relación á importancia destas concentracións parcelarias, e de feito creo que ningún dos tres grupos políticos está satisfeito coa evolución que levan estos procesos de concentración, non de agora, senón de xa fai moito tempo, como comentaba a voceira socialista, algún deles iniciado alá polos anos 70, así que creo que debemos de urxir á administración para que fixe datas e poña sobre a mesa os pasos a seguir, eu creo que é tan importante o tema das datas como o saber exactamente o momento en que estamos. Hai uns procesos de concentración parcelaria que están en fase de recursos, outro está feita a rede principal de camiños pero

está sin facer a rede secundaria, outro falta o acondicionamento das parcelas... En Val de Veá todos sabemos que practicamente están os títulos no Rexistro da Propiedade e me consta que a pasada semana estaban pendentes de tramitar catrocentos títulos para poder emitilos e poder ser entregados; e Val de Veá II é un proceso posterior que levará algo máis de tempo, pero que se está tamén facendo traballos de acondicionamento de camiños e acondicionamento das propias fincas non?, a parte do amolloamento e outros traballos que están pendentes de facer, e necesitamos... eu creo que é bo que os veciños teñan constancia e coñecemento de cales son os prazos previstos para a finalización cada un dos procesos, de cada unha das concentracións que están en proceso distintos, e esixirlle á Xunta de Galicia que, máis o menos, faga unha previsión da cales son as datas de finalización desas esperadas concentracións parcelarias.

Así que, basándonos en que existe un acordo unánime, pois podemos someter a votación este asunto. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade o acordo da análise sobre a situación de execución dos procesos de concentración parcelaria que afectan ao Concello da Estrada, ditaminada en Comisión Informativa de 2 de marzo de 2015.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Visto o escrito presentado con data 18-02-2015 (RE nº1823) polo Grupo Municipal Socialista, polo que solicitan:

*“A convocatoria en sesión extraordinaria da Comisión Informativa do Rural e Medio Ambiente, a efectos de que a Corporación Municipal poida realizar unha adecuada análise sobre a situación de execución dos procesos de concentración parcelaria que afectan ao Concello da Estrada, aprobe a solicitude de informes e consultas, e inicie as accións necesarias para que se dea impulso aos procesos de concentración parcelaria de Arca, Codeseda, Val de Veá I e Val de Veá II, permitindo rematar coa paralización administrativa das fases que permitan culminar estas parcelarias, que nalgún dos casos leva máis de 30 anos sen rematar. Así mesmo, estudar a solicitude de outros procesos de concentración parcelaria necesarios no territorio estradense.”*

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente en sesión do 02-03-2015.

Vista a inquietude e a preocupación veciñal pola dilación dos procesos de concentración parcelaria en curso (algúns destes iniciados no ano 1972), que está a provocar a desatención do campo así como o abandono dos cultivos

#### **ACORDAMOS:**

**1º.-** Instar á Consellería de Medio Rural e do Mar (Subdirección Xeral de Infraestruturas Agrarias) para que axilice os trámites referidos aos procesos de concentración parcelaria pendentes, previa resolución dos recursos que, en vía administrativa, se interpuxeran (especialmente, nas zonas de Arca, Codeseda e Val do Veá II).

**2º.-** Igualmente, para que impulse a expedición dos correspondentes títulos de propiedade (directamente, ou ante o Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario de A Estrada).

3º.- Solicitar á nomeada Subdirección Xeral un informe detallado referido ao actual estado/situación dos procedementos da concentración parcelaria pendentes neste Concello.

4º.- Solicitar á dita Consellería o inicio formulatorio das bases para realizar a concentración parcelaria de Souto.

5º.- Solicitar á devandita Consellería a inmediata acometida das mínimas labores de mantemento do sistema viario (tanto primario como secundario, no seu caso), nas zonas de concentración parcelaria de Arca e Codeseda.

\*\*\*\*\*

**C) MANIFESTO CONXUNTO DOS TRES GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS DE APOIO Á MULLER CON MOTIVO DA CELEBRACIÓN O 8 DE MARZO DO DÍA INTERNACIONAL DA MULLER; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN DE BENESTAR SOCIAL DE 23-02-2015.**

**Sr. Alcalde:** Outro asunto fóra da Orde do Día é a proposta de Moción para elaboración do manifesto conxunto en conmemoración do 8 de marzo do Día Internacional da Muller. Evidentemente basta dicir que este día 8 é o próximo domingo, e a Corporación municipal, como ven sendo habitual todos os anos, facemos un manifesto conxunto donde se recolle a sensibilidade de todas as forzas políticas, e entendemos tamén que de toda a sociedade estradense, así que creo non procede tampouco entrar na urxencia. Votamos, polo tanto, a urxencia e seguidamente damos lectura ao manifesto na voz da Concelleira de Benestar Social, Dna. Amalia Goldar.

Votamos a urxencia. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

**Sr. Alcalde:** Pois ten a palabra a Sra. Amalia Goldar.

**Dna. Amalia Goldar Cora, Concelleira do PP:** Gracias Alcalde. Boas tardes. En primeiro lugar alegrarnos do acordo logrado. Así o vimos facendo nestes últimos anos, e agradecer desde o grupo de goberno a disposición dos grupos políticos para lograr este consenso.

Como di o Alcalde, un ano máis conmemoramos o 8 de marzo, Día Internacional da Muller, data na que se recorda que a igualdade de trato e de oportunidades en condicións de liberdade, entre homes e mulleres constitúe un valor esencial na democracia.

Pero, por desgracia, hai que seguir reivindicando a igualdade, fundamentalmente, tal como manifestamos nesta moción que aprobaremos, no mercado laboral e no mercado social. Aínda na sociedade, por desgracia, existen ataques ás mulleres por distintos colectivos. Nesta semana, nos medios de comunicación vimos, por desgracia, exemplos de este tipo de actitudes. Seguimos en moitos traballos tendo un salario inferior aos homes polo mesmo traballo, aínda que se están a facer cousas: políticas activas de emprego, as políticas de contratación sempre fan unha discriminación positiva da muller, incrementando as axudas cando se trata de que as mulleres monten os seus negocios o que sean contratadas por empresas, quedan moitas cousas por facer.

Estamos desexando que chegue o día que dende a administración non faga falta recordar que hai un día da muller e que hai que loitar pola igualdade, pero polo momento temo que temos que seguir facéndoo. Polo

tanto, esta Corporación, por unanimidade, chegou aos seguintes acordos na Comisión Correspondente: Instar o Goberno da Xunta de Galicia de unha maneira inmediata a aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para desenvolver ao longo da vindeira lexislatura; Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das traballadoras en Galicia, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos, atendendo especialmente á problemática das mozas galegas para acceder ao emprego; Reivindicar a non discriminación salarial da muller, establecendo as políticas de conciliación da vida laboral e familiar; Instar á distinta administración a que as accións de goberno non vulneren ou non supoñan un retroceso nas medidas que iguallen aos homes e as mulleres, non se produzan recortes orzamentarios en materia de igualdade, e dentro das posibilidades, que se manteñan ou incremente o orzamento.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Algunha intervención? Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Gracias. Sumándonos á moción que acordamos na Comisión, unha vez máis, un ano máis, dende o grupo socialista queremos amosar o noso desexo de que, unha vez por todas, o día 8 de marzo ogallá se consiga esa tan ansiada igualdade e non sexa necesario seguir aprobando mocións, seguir reivindicando, sen embargo, un ano máis os datos nos fan ser pesimistas e nos fan ser pesimistas porque, dende logo, no que vai de lexislatura un número importante teñen perdido o seu traballo, tense incrementado en 204.000 persoas, perdón, mulleres o desemprego, e a taxa de paro situase un 25%, efectivamente chegamos a alcanzar un 27 e agora estamos nun 25, pero non hai que esquecer que a taxa da actividade feminina descendeu un 53%, hai 3.000 mulleres activas menos que a finais do 2011 e, dende logo, a diferenza coa media europea, a diferenza da taxa de actividade da muller coa media europea dista bastante de estar equiparado ao nivel do resto dos países. Ademais falamos de mulleres paradas de longa duración, que aumentaron en casi 500.000, o que representa un 42,8% do total de parados de longa duración. Pero podemos ir máis alá, as diferenzas salariais son unha vez máis, voltan a ser unha nota predominante nas desigualdades, igual que o son tamén, si estamos nunha diferenza salarial do 24%, tamén cando chegamos a idade da xubilación estamos incluso chegando o 39%, mentras unha pensión media dun home, estamos a falta de 1.100 euros, á de muller se queda en 700 euros.

Dende logo falábanos a Concelleira das políticas de contratación con discriminación positiva, pero podemos ser novamente críticos con esos datos, posto que unha vez máis os que caen... a taxa de desemprego que cae non cumpre con ese desexo que ogallá non fixera falta establecer taxas de discriminación positiva, pero vemos como as políticas, no que vai ao longo da lexislatura, fai que se recorte un 33% o presuposto na loita contra a violencia de xénero, que se recorten os presupostos e se eliminen organismos que buscaban a igualdade efectiva ou, incluso, que se establezcan medidas de reforma ideolóxica a través da educación ou a través da corresponsabilidade e a través da reforma do Código Penal, a través da Lei do Aborto que o que fai, unha vez máis, e precarizar a vida da muller e discriminala fronte ao eu homónimo masculino. Por iso, unha vez máis, non queremos deixar de dicir alto e claro que esta igualdade non se ten conseguido e no que vai de lexislatura o que se fixo foi retrasar ese camiño hacia unha igualdade efectiva. Nesta lexislatura téñense perdido 162.000 empregos femininos e eso, dende logo, non se pode permitir. Por iso hoxe aquí o grupo socialista berramos alto e claro que temos que camiñar hacia esa igualdade

efectiva, nos sumamos a esta moción aprobada pola Corporación, pero, como dicimos, os datos nos fan ser pesimistas e ogallá cheguemos algún día a que non haxa que celebrar o 8 de marzo, nin de xeito festivo nin de xeito reivindicativo, pero estamos a 2015 e as desigualdades se teñen incrementado.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Moitas gracias Dna. Belén Louzao. Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras:** Alegrarnos de chegar a este consenso, un consenso o que chegamos sempre nestas datas, pero esperemos que non sirva de pretexto para que ten que legislar, para que ten competencias en aprobar leis que están atacando dun xeito moi eficiente todos os dereitos das mulleres, reducíndolles todas as súas medidas que hasta agora había e que se están votando abaixo en contra da discriminación feminina, hai que lembrar que está totalmente paralizada a Lei 2/2007, do 28 de marzo, de traballo de igualdade das mulleres en Galiza. Non está de máis lembrar que no 2014 17.000 mozas tiveron que emigran, que estamos ante graves recortes en materia de servizos sociais, aumento de taxas escolares, crecemento dos prezos dos comedores, escolares, etc. Etc. Etc., medidas que van en contra da posibilidade de compaxinar vida laboral e vida familiar, esto ten que ver porque a maioría das mulleres que están traballando dedican máis horas ao coidado de tarefas domésticas, moitísimas máis que os homes, igual que teñen que dedicar moitísimas máis horas traballar para conseguir o mesmo salario. Entón non podemos quedarnos en meras declaracións retóricas que dean pe a despois a ter máis contidos absolutamente nulos. Esperemos que quen governa non aproveite ese consenso entre as tres forzas políticas que estamos no noso Concello, se poña as pilas e que faga o que ten que facer e deixe de aprobar ou, en todo caso, non aprobar a lexislación que acabe dunha vez coa discriminación que está sufrindo a muller na nosa sociedade.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños, pero o Concello non ten capacidade para legislar, creo que nós non temos capacidade para esixir...

**(intervencións que non se aprecian no audio)**

**Sr. Alcalde:**... para esixir... creo que nese punto estamos totalmente de acordo co fondo deste asunto e creo que hai apoio unánime en relación a esta cuestión e ao esforzo que temos que facer as administracións para poñer, desde logo, todas as medidas necesarias en relación co apoio á muller. Así que, si lles parece votamos este asunto. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase por unanimidade a moción para a elaboración do manifesto conxunto para a conmemoración o 8 de marzo Día Internacional da Muller.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Vista a Moción do BNG de data 17-02-2015 (RE 1715), relativo á demanda dun plan de emprego feminino.

Vista a Moción do PSdeG-PSOE de data febreiro de 2015, en relación ao Día Internacional da Muller do día 8 de marzo de de 2015

Visto o Ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, adoptado en sesión do 22-02-2015, polo que se aproba un Manifesto conxunto dos tres grupos políticos con representación municipal para o apoio á muller con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo, e que literalmente se transcribe de seguido:



*“Un ano máis conmemoramos o día 08 de marzo, Día Internacional da Muller, data na que se recorda que a igualdade de trato e de oportunidades en condicións de liberdade, entre mulleres e homes, constitúe un valor esencial na democracia.*

*Aínda que a sociedade galega é hoxe máis equitativa e respectuosa cos dereitos das mulleres grazas ao esforzo das persoas e organización que se rebelan contra os convencionalismos, tamén é certo que se seguen producindo situacións de flagrante desigualdade en tódolos ámbitos sociais, sobre todo no laboral, onde as mulleres teñen moitos máis problemas que os homes para encontrar un posto de traballo e onde os salarios son sensiblemente máis baixos polo feito de ser muller.*

*A situación de desigualdade que viven as mulleres galegas viuse acentuada co aumento da precariedade laboral desde comezos da crise, sen implantación de políticas efectivas que puidesen frear o crecemento da fenda que sitúa as mulleres á marxe e que lles deixa cada vez máis as portas abertas ao desemprego, ai emprego precario ou á emigración. Diferentes estudos e informes recollen datos sobre o desemprego e as lamentábeis condicións dos traballos que desempeñan as mulleres en Galicia a día de hoxe, así como o elevadísimo número, sobre todo de mozas, que se viron obrigadas a abandonaren o noso país na procura dun futuro mellor. Falan os datos de diferentes estudos, entre eles os publicados polo IGE, e reflicten que a situación das mulleres no noso país vén empeorando de forma alarmante nos últimos anos.*

*Nesta lexislatura, España caeu 19 postos no informe sobre a brecha de xénero que realiza cada no o Foro Económico Mundial. En 2007, España estaba no número 10. A peor nota obtena en oportunidades económicas onde ocupa o posto 84. Nesta área, que teñen conta a igualdade salarial, España perdeu oito postos só no último ano.*

*Por primeira vez en 40 anos está a caer a poboación activa feminina e a taxa de actividade en 2014 descendeu até o 53,9 por cento. Hai 43.000 mulleres activas menos que a finais de 2011. De feito, España atópase entre os países con menos mulleres empregadas: só o 54,7 por cento da poboación feminina entre 20 e 64 anos traballa no segundo trimestre de 2014, o que significa 9 punto menos que a media europea e supón unha gran diferenza co 74 por cento que establece o obxectivo Europa 2020.*

*Co obxectivo de recuperar o emprego das mulleres e avanzar na corresponsabilidade, é necesario impulsar unha lei de traballo en igualdade que garanta eliminar as barreiras para o emprego, as diferencias salariais das mulleres, buscando que homes e mulleres cobren o mesmo polo mesmo traballo.*

*Este 08 de marzo, esta Corporación Municipal defende e apoia ás organizacións sociais feministas nas mobilizacións e defensa dos dereitos e a liberdade das mulleres que se celebrarán en todo o territorio. Un ano máis, reiteramos o noso compromiso en defensa da igualdade entre mulleres e homes e facemos un chamamento a toda a cidadanía, ás institucións e ás organizacións para que se somen á conmemoración do Día Internacional da Muller.*

#### **ACORDOS:**

*1.- Instar o Goberno da Xunta de Galicia, de unha maneira inmediata a aprobar un Plan de Emprego Feminino, co orzamento necesario para desenvolver ao longo da vindeira lexislatura. Este plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o alto grao de precariedade das*

*traballadoras en Galicia, atallar as problemáticas das mozas galegas para accederen o emprego.*

*2.- Reivindicar a non discriminación salarial da muller, establecendo as políticas de conciliación da vida laboral e familiar.*

*3.- Instar as distintas administración a que as accións de goberno non vulneren ou non supoñan un retroceso nas medidas que iguallen aos homes e as mulleres, non se produzan recortes orzamentarios en materia de igualdade, e dentro das posibilidades, que se manteñan ou incremente o orzamento.”*

#### **ACORDAMOS:**

**1º.-** Instar ao Goberno da Xunta de Galicia para que aprobe de maneira inmediata un Plan de Emprego Feminino co orzamento necesario para desenvolver ao longo da vindeira lexislatura. Este Plan terá por obxectivo establecer medidas destinadas a incrementar a taxa de emprego feminino, promover a contratación de mulleres nos sectores en que está subrepresentada, reducir o algo grao de precariedade das traballadoras en Galicia, atallar as problemáticas específicas das mulleres nos ámbitos produtivos atendendo especialmente a problemática das mozas galegas para accederen ao emprego.

**2º.-** Reivindicar a non discriminación salarial da muller, establecendo as políticas de conciliación da vida laboral e familiar.

**3º.-** Instar ás distintas administracións a que as accións do goberno non vulneren ou non supoñan un retroceso nas medidas que iguallen aos homes e as mulleres, non se produzan recortes orzamentarios en materia de igualdade e, dentro das posibilidades, que se manteña ou incremente o orzamento.

\*\*\*\*\*

**D) APOIO Á SOLICITUDE DO CONSELLO ESCOLAR DE OCA PARA INSTAR Á CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE ACRISTALAMENTO DAS VENTÁAS DO CEIP DE OCA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL DE 23-02-2015.**

**Sr. Alcalde:** Fóra da Orde do Día tamén hai unha moción presentada por parte do Partido Socialista en relación á solicitude presentada polo Consello Escolar do CEIP de Oca, en relación ao cambio das ventanas do Centro, favorecendo o correcto illamento e a aforro enerxético. Esta Moción que tamén conta co apoio de todas as forzas políticas en relación ao fondo e na forma, en relación á urxencia e en relación tamén ao seu fondo, pero procede primeiro votar a urxencia desta Moción, non entramos no asunto, creo que todos coincidimos na súa urxencia, e despois procedemos a analizar e a debater o fondo do asunto.

Votos da urxencia: votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Aprobámola por unanimidade.

Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.

**Sr. Alcalde:** Pasamos a debater. Damos o turno de palabra ao voceiro socialista, á voceira socialista neste caso, Dna. Belén Louzao, para que faga unha exposición da correspondente Moción.

**Sra. Belén Louzao:** Ben, presentamos esta Moción de acordo e con unanimidade co resto dos membros da Corporación posto que o que se pediu foi a convocatoria dunha Comisión para o estudo da petición realizada polo Consello Escolar de Oca, ao que o compañeiro Otero Espiño acude como representante municipal. Debatido o tema en Comisión chegamos a acordo por unanimidade de instar á Xunta de Galicia (Consellería de Educación) a dotar ao CEIP de Oca da execución dunha nova infraestrutura con respecto ao correcto illamento e correcto ventilación do centro a través dun dobre acristalamento ou dobre ventanal do centro, posto que a situación actual con ventá sencilla fai que, por motivos enerxéticos e motivos de temperatura dentro do centro, os alumnos non estean nas mellores condicións, por iso entendendo que esta obra máis alá do mero mantemento que fai o Concello sobre os centros a pesares de non ser da súa competencia, instamos á Xunta de Galicia (Consellería de Educación) a acometer as obras necesarias para favorecer o correcto illamento e aforro enerxético do CEIP de Oca.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Moitas gracias Dna. Belén Louzao. Non sei se hai algunha cuestión?. Creo que todos coincidimos perfectamente nesta petición da comunidade educativa do Colexio de Oca, así que procedemos a votar o acordo relativo á solicitude presentado polo Consello Escolar do CEIP de Oca para instar á Consellería de Educación, a través da súa Xefatura Territorial, para acometer dobre acristalamento nas ventanas do centro para favorecer un corrector illamento e aforro enerxético. Votos en contra?, abstencións?, votos favor?, apróbase por unanimidade.

Sometido o asunto a votación, o Concello Pleno adopta, por unanimidade, o seguinte **ACORDO:**

Visto o escrito presentado con data 13-02-2015 (RE 1652) por D. Manuel Otero Espiño, representante municipal do Consello Escolar do CEIP de Oca, solicitando que polo Pleno da Corporación se inste á Consellería de Educación para acometer obras de dobre acristalamento das ventás do centro educativo, favorecendo un correcto illamento e aforro enerxético.

Visto o Ditame adoptado pola Comisión Informativa de Benestar Social en sesión do 23-02-2015

#### **ACORDAMOS:**

Instar á Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (con enderezo na rúa Fernández Ladreda nº 43, 7º e 8º – 36003 Pontevedra) para que proceda a acometer a obra de dobre acristalamento das ventás do Centro de Educación Infantil e Primaria de Oca, sito neste municipio.

\*\*\*\*\*

**E) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DA INTERVENCIÓN MUNICIPAL SOBRE A AVALIACIÓN DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS QUE CONTEMPLA A LEI ORGÁNICA 2/2012 DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SOSTENIBILIDADE FINANCEIRA; SEGUNDO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS DE 02-03-2015.**

**Sr. Alcalde:** Fóra da Orde do Día tamén, temos unha dación de conta do informe de Intervención sobre a avaliación de cumprimento dos obxectivos que contempla a Lei Orgánica 2/2012 de estabilidade

orzamentaria e sostenibilidade financeira. Este asunto tamén foi ditaminado na Comisión Informativa de Facenda de 2 de marzo de 2015 e trátase da dación de conta, polo tanto non procede á súa votación, en relación a que o Concello da Estrada en función desa Lei Orgánica obriga aos Concellos a dar conta do cumprimento de dous aspectos que, neste caso, é si existe o cumprimento ou non do principio de estabilidade orzamentaria nos Orzamentos municipais e, en segundo lugar, cal é o nivel de endebedamento, o nivel de deuda viva que se estima por parte do Concello ao finalizar o período fiscal, o período orzamentario. Polo tanto damos conta de dous aspectos, o primeiro é que o Concello cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, cuestión que é importante, e o segundo é que o nivel de deuda viva estimada ao final do período 31 de decembro de 2015 será de 3.697.716,54 euros.

Á vista do Ditame da Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas de data 02-03-2015, dáse conta do informe suscrito pola Interventora municipal o 25 de febreiro de 2015 acerca dos datos de obrigada remisión ao Ministerio de Facenda conforme á Lei Orgánica 2/2012 e á correlativa Orde ministerial, con motivo da entrada en vigor do orzamento prorrogado.

No dito informe acréditase o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e que o nivel de débeda viva é de 3.697.716,54 euros.

O Pleno da Corporación queda sabedor.

\*\*\*\*\*

**Sra. Belén Louzao:** Unha cuestión de orden Sr. Alcalde, e que, claro, neste Pleno así estraño con todo isto fóra da Orde do Día, e ao dar conta deste, non sei se xa pasou ao apartado de dación de conta ou todavía estamos no das mocións.

**Sr. Alcalde:** Non, en principio estamos no....

**Sra. Belén Louzao:** Con esta batería de cousas que van fóra xa non sei.... vale.

**Sr. Alcalde:** É correcto o que comenta vostede, si quere facemos da seguinte maneira... ou damos conta deste punto.....

**Sra. Belén Louzao:** É que queda unha moción que foi polo menos a unha Comisión, unha proposta que foi a unha Comisión, se debateu e se votou, e non sei se vai a entrar como moción. Por iso o digo antes de dar conta.

**Sr. Alcalde:** Ten a palabra a Sra. Amalia Goldar.

**Sra. Amalia Goldar:** Si, se refire á modificación das Bases do Premio.... Evidentemente cando creamos este premio as bases foron aprobadas en Comisión, pero despois foron aprobadas en Xunta de Goberno Local, polo tanto en Comisión aprobamos a modificación que será aprobada na próxima Xunta de Goberno Local. Así que para seguir o mesmo procedemento, a modificación foi tamén a Comisión por unanimidade dos aquí presentes, bueno, dos membros aquí presentes, e despois será aprobada a modificación na Xunta de Goberno Local.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, pués como ben comentaba, evidentemente antes de pasar á parte de Xestión e Control, non sei se hai algunha outra Moción que os grupos políticos queiran incorporar, se hai

algunha Moción?. Ten a palabra Dna. María Belén Louzao para facer a súa exposición de urxencia desa Moción.

**F) MOCIÓN DO PSdeG-PSOE INSTANDO A CORRIXIR A FALTA DE ACCESIBILIDADE NO ESTADIO MUNICIPAL DA ESTRADA, INAUGURADO EN AGOSTO DE 2014.**

**Sra. Belén Louzao:** Facemos chegar copia desta Moción na que... o que resulta complicado neste formato de Pleno, Sr. Magariños grazas. Presentamos no día de hoxe unha Moción e xustificamos a súa urxencia no que aconteceu recentemente no novo Estadio Municipal de Fútbol do noso Concello, un Estadio inaugurado no 2014, en agosto de 2014, e que incumpre a Lei de Inaccesibilidade e de adaptación para persoas con discapacidade. Recientemente, como dicía, durante finais do mes de febreiro, unhas persoas que quixeron acceder ao graderío do espazo público do Estadio municipal non o puideron facer por falta de posibilidades de acceder cunha discapacidade con mobilidade reducida a este graderío. Por iso entendemos que isto require dunha resposta inmediata e de adopción de solución ante o efecto de grave discriminación que supón para un importante colectivo de persoas que poden acudir a este Estadio municipal. Por iso, entendendo que isto vulnera a Lei, traemos por urxencia esta Moción ao ser o primeiro Pleno despois deste suceso, a pesar de que creo que xa se tiña feito público a deficiencia do novo Estadio con respecto a adaptación á Lei de Accesibilidade de espazo reservado para persoas con discapacidade. Insisto, a urxencia se motiva na necesidade de dar respecto inmediata a este suceso que tivo lugar a finais do pasado mes de febreiro, no que as persoas con discapacidade que intentar acceder ao graderío, estamos a falar de máis de vinte escalóns e de pendente considerable para acceder ao mesmo, por iso traemos esta Moción aquí para adoptar os acordos pertinentes ao mesmo. Grazas.

**Sr. Alcalde:** Algunha cuestión á urxencia?. Pois, aínda que bueno... como comentaba a voceira socialista, neste Pleno un tanto extraordinario, a urxencia, desde logo, eu creo que non é moi xustificable, pero bueno, eu creo que pode ter a súa importancia e, polo tanto, proceder a votar a mesma, posteriormente profundizamos no seu debate. Votos en contra?, abstencións?, votos a favor?. Apróbase a urxencia.

**Sometida a urxencia da asunto a votación, esta é aprobada por unanimidade.**

**Sr. Alcalde:** Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Ben, na nosa comunidade, en Galicia, existe unha Lei do 97 actualmente en vigor, a pesares de que se aprobou no ano 2014, pero que está en vigor todavía a do 97, que regula a supresión de barreiras arquitectónicas na comunidade autónoma; unha Lei que se desenvolve a través de distintos Decretos que falan da accesibilidade, da non discriminación de persoas con discapacidade. Ben, esta obra, a obra do Estadio do campo de Fútbol, unha obra financiada ao 50% entre o Concello e a Deputación Provincial de Pontevedra e executada a través dunha contratación, dunha licitación realizada pola Deputación de Pontevedra, así como responsable tamén esta administración de elaboración dos proxectos técnicos da mesma, carece de medidas de adaptación a este Lei, non cumpre mandado nestos códigos éticos, nestos Decretos que falan da urbanización e da dotación de servizos públicos; concretamente se di que hai que velar por que as vías públicas, parques e demais espazos de uso público

deberán ser planificados e urbanizados de forma que resulten accesibles, é máis, se insiste en que se deben de dotar estes servizos e instalacións de mecanismos ou de xeitos para que poidan acceder as persoas con mobilidade reducida.

Como dicíamos na exposición da nosa urxencia, sen ir máis lonxe, nos recentes encontros de fútbol que se produciron no mes de febreiro, unhas persoas que quixeron acceder ao graderío, máis de 20 escalóns que subir... por subir, e ningún medio para facelo unha persoa con discapacidade, se atoparon e se deron de bruces ca dura realidade, non poden acceder en condicións de igualdade e, polo tanto, é unha clara discriminación ás persoas con discapacidade que queren participar dos encontros deportivos no noso Concello. Pero xa non so iso, senón que os servizos públicos que ofrece o propio Estadio, sen ir máis lonxe, os aseos e os baños, non permiten o acceso en cadeira de rodas ou a persoas con discapacidade. Denunciaban tamén problemas nos espazos para aparcas, con respecto ás reservas. Ben, sen ir máis lonxe, queremos dar resposta inmediata a esta clara deficiencia nesta obra construída e recentemente inaugurada, como dicíamos, en agosto de 2014. Por eso propoñemos a esta Corporación instar á Deputación de Pontevedra, como entidade responsable da elaboración do proxecto técnico e tamén da dirección, a corrixir as barreiras de accesibilidade, realizado de xeito inminente as necesarias obras de adaptación nas instalacións deportivas do Estadio municipal da Estrada, asumindo, como non pode ser doutro xeito, como entidade responsable dos erros construtivos, as modificacións técnicas necesarias, os custes e as execucións das mesmas. Así mesmo propoñemos ir un paso máis alá e por parte desta Corporación en cumprimento da Lei vixente, como dicíamos, de accesibilidade, propoñemos que esta Corporación a comprometerse a destinar anualmente unha partida específica nos Orzamentos municipais destinada a adaptar gradualmente, de acordo coa orde de prioridades que teña maior eficacia e concorrencia de tránsito adaptar, dicía, as vías públicas, parques e demais espazos públicos existentes, así como as instalacións e servizos de mobiliarios urbanos. Insistimos unha vez máis, estamos en 2015 e debemos camiñar cara á igualdade. Si no punto anterior aprobábase no punto anterior unha Moción que buscaba a igualdade efectiva entre homes e mulleres, o que non podemos facer é discriminar a un número importante da nosa poboación que ten dificultades de movemento ou ten algún tipo de discapacidade, por iso non parece normal que no 2015 sigamos a construír obras nas que non se permita o acceso a persoas con discapacidade. Grazas.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Moitas grazias Sra. Belén Louzao. Ten a palabra D. Xosé Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Lamentar que unha obra de recente construción, como é o novo Estadio Municipal, non conte coa máis mínima medida que fomente a accesibilidade ás súas instalacións. Si esta obra fora feita por calquera cidadán normal e corrente non se lle daría autorización de apertura, pero parece de que a Deputación ten "patente de corso" para facer o que lle ven en gana, especialmente no Concello da Estrada.

Nada que dicir, no punto 1... no punto 2 eu lle engadiría, completamente de acordo co fondo, "de acordo cunha orde de prioridades e tamén de acordo cas distintas asociacións de discapacitados". Falando o outro día cun veciño noso da Estrada, que puxo en boca de todos ás graves deficiencias... en boca de todos no, en coñecemento de todos, as graves deficiencias con que conta o noso Concello en materia de accesibilidade, comentábame que un dos problemas que teñen... bueno, a falta de sensibilidade dos técnicos que se dedican a diseñar as obras públicas, entón, aquí que persoal máis sensible que as persoas directamente afectadas. Entón, eu simplemente lle engadiría:

poñéndonos de acordo, contando coa asesoría das diversas asociacións de discapacitados que hai en Galicia.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Pois creo que non podemos coincidir moito nas explicacións que acaba de dar os dous grupos políticos, tanto o socialista como o nacionalista, porque, entre outras cousas, hai varias cousas nesta Moción que non son verdade ou que non se axustan á realidade non?.

A primeira delas é que non é certo que este complexo deportivo sea financiado ao 50% por Deputación e Concello, eso é radicalmente falso, non é certo, de feito ese complexo deportivo foi financiado en máis do 80% pola Deputación de Pontevedra, non solo o complexo deportivo, senón todas as instalacións vinculadas a ese complexo deportivo, como é a humanización de todo o espazo e a urbanización do mesmo, así que non é certo que fose financiado ao 50% por ámbalas dúas entidades. O Concello da Estrada nunca aportou 500.000 euros para esa infraestrutura, unha infraestrutura que costou 1.200.000 euros, nunca aportou...., digo que foi a Deputación a que, a través dun plan de inversións para remodelación o construción de novos campos de fútbol, a que destinou o diñeiro para a construción desta instalación deportiva.

En segundo lugar, tampouco é certo, en absoluto, que esta obra... nótase... eu acudo habitualmente ás instalacións deportivas que temos no Concello, a todas, e nótase que os voceiros ou concelleiros do BNG e Partido Socialista non acuden moi habitualmente, polo menos eu non os vexo con asiduidade nesas instalacións, e eso leva a que cando un fala das cousas como llas contan e non como as ven se pode cometer ceros erros. Non é certo, digo que é radicalmente falso que esa obra careza de medidas de accesibilidade, radicalmente falso. O único espazo inaccesible desta infraestrutura é a grada. Conta con baños, todos os baños (tanto na cafetería como nas instalacións dos servizos) e a accesibilidade do propio recinto, por suposto que son accesibles; e a grada, por criterio técnico no seu momento, os propios técnicos dicían que cumprían con todas as condicións, efectivamente habría posibilidade de buscar unha fórmula para permitir a accesibilidade á grada, pero resultaba tecnicamente bastante complexa, porque a grada sobreelevouse de forma importante sobre o Estadio municipal e, polo tanto, complicaba bastante.... Non incumple ningunha das lexislacións en materia de accesibilidade, de feito os recintos que establece esa Lei, que deben ser accesibles e que deben estar acondicionados para garantir a accesibilidade de calquer persona, están feitos e eu lles convido a velos nas propias instalacións como hai baños para persoas con mobilidade reducida, tanto na cafetería (que é a zona cuberta da entrada principal do Estadio) como nos propios servizos públicos que hai na grada e, ademais, non cairon nesa cuestión porque seguramente non tiveron a oportunidade todavía de achegarse a esa instalación, pero eu lles recomendo que se acheguen para ver a cantidade de actividades deportivas que se desenrolan nela. E tampouco é certo que non conte con servizos públicos adaptados, é falso, é radicalmente falso e mentira, entre nós non podemos aceptar unha proposta como esta como mentira, é certo que se podía haber buscado unha solución técnica, ou se pode buscar unha solución técnica para que as persoas con mobilidade reducida poidan acceder á grada sobreelevado do Estadio, no seu momento pois xa llo temos comunicado á Deputación e sabemos que é unha cuestión no seu momento non o recolleu o proxecto e os técnicos non o interpretaron así, na execución da obra era bastante difícil de resolver e, polo tanto, buscamos a accesibilidade en todos os espazos. Dende logo nos queda esa cuestión que temos que intentar resolver no futuro, pero bueno, no é certo o escenario nin o panorama que se pinta nesta Moción.

Tamén recoñezo, e aí si que podíamos estar de acordo, que o Concello debería de facer un esforzo agora, e o debeu facer durante

moitos anos, para buscar as medidas que permitan a accesibilidade aos espazos públicos e, sobre todo, aquelas persoas que teñen mobilidade reducida no seu transcurrir na súa capacidade para poder pasar polas beirarrúas que en moito casos, evidentemente, contan con bastantes atrancos, nesa liña, pois si, seguramente teremos que seguir traballando para buscarlle solución a esas cuestión non?. Por eso, evidentemente, porque ademais non é certo o que se traslada nesa Moción, non podemos partir en absoluto, e eu si queres, si lles parece ben, os cito no campo de fútbol, no Estadio municipal, o coñecen, porque creo que sería bo que, como Concelleiros do Concello da Estrada, coñeceran esas instalacións municipais, se deran unha volta por elas e as viran, e unha vez as viran poderían falar con coñecemento de causa, intentar buscar a solución a esa cuestión e aí si podemos compartila, mentras tanto quedan citados para esa visita cando vostedes queiran, eu lles recomendo, se pode ser, que sexa un fin de semana para que vexan a cantidade de actividade que alí se desenrola.

Esta cuestión, que é unha cuestión moi concreta e puntual, creo que non debe de empañar a gran infraestrutura que se puxo ao servizo, sobre todo dos cativos non?, das Escolas Deportivas e dos rapaces, e eu creo que o goberno fixo unha aposta clara e decidida por o deporte como complemento deportivo á formación dos máis cativos e, sobre todo, á formación en valores, creo que nunha educación deportiva pois... creo que podemos construír una sociedade máis sana no futuro e, sobre todo, máis inculcada en valores sociais non?, e eso creo que é fundamental, e é responsabilidade directa dos Concellos poñer a disposición as infraestruturas deportivas necesarias para a práctica do deporte.

Así que, desde logo, sentido moito esta cuestión, intentando buscar puntos de encontro, que seguramente os haxa, por suposto que non imos a aceptar esta Moción que está baseada en feitos que, evidentemente, non son reais.

Algunha outra cuestión?. Ten a palabra a Sra. Ana Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Lamentar escoitar esas palabras Sr. Alcalde. vostede, como di, frecuente esas instalacións, é posible que o día ao que nos referimos e que denunciaban os veciños da Estrada que estaban presentes nesa gradería, vería vostedes como era necesario catro persoas para subir a unha persoa en cadeira de rodas a compartir o espacoo reservado para o público para o disfrute dos encontros deportivos que alí se celebran. Ao mellor tamén puido comprobar vostede, precisamente, ese día como o acceso aos baños estaba atrancado, pois bueno, ao mellor tamén puido vostede facilitar, se estaba presente, pois incluso ceder, como non, amablemente as súas mans para colaborar con este veciño da Estrada.

Tamén lamentar que diga vostede que non é certo o dos orzamentos, porque non son datos nosos, son datos do Concello, e que dicían que en case 250.000 euros os poría o Concello do seus orzamentos, case catrocentos pertencían xa ao Concello dun plan municipal que tiña da Deputación, e o resto o poría a Deputación. Pero da igual que vostede diga que é o oitenta, o corenta, da igual, son os seus propios datos os que estou dando, non son outros; o que me preocupa, dende logo, é a situación na que quedan de discriminación os veciños e as veciñas que sofren discapacidades, porque non nos esquezamos que os estamos relegando a un segundo apartado donde os obrigamos a ver... pois non sei si ao intemperio, partidos ou, dende longo, nun espacoo cando menos non reservado para o resto dos veciños e das veciñas. Un espacoo de uso público debe de ser igual para todos, e polo tanto lamentar que non apoie vostede esta solicitude, instando a que se corrixa esas deficiencias na construción, e bueno, ese paso que propoñemos de ir máis alá, comprometéndonos como Concello a velar para que a adaptabilidade e accesibilidade de todas as persoas do noso Concello



sexa un futuro para A Estrada, pois lamentar que non queira vostede sumarse a este acordo. Moitas grazas.

**Sr. Alcalde:** Ten a palabra o Sr. Magariños.

**Sr. Xosé Magariños:** Simplemente unha curiosidade. Eu sempre pensei que nas instalacións deportivas, especialmente nos campos de fútbol, especialmente neste campo de fútbol, as gradas se facían para que o público fora a ver o espectáculo deportivo, agora a min éntrame a dúbida, a xente que teña mobilidade reducida, que non poida acceder á grada, dende onde ve o espectáculo?, se apartan para que non o vexan os demais asistentes?, se esconden?, é unha... acábame de deixar sorprendido de que lle parezca normal que non poidan acceder á grada, que poden entrar dentro, dentro do recinto poden entrar, xa solo faltaría que non puideran entrar dentro eh?, solo faltaría. Pero non poden acceder á grada porque hai condicionantes técnicos que o impiden; evidentemente que hai condicionantes técnicos, pero tamén hai recursos técnicos para solucionarlos. Bueno, de aí ven o que eu dicía do punto número dous, de contar co asesoramento das persoas afectadas. O que está claro é que a Diputación ten que rescindir o contrato deses técnicos tan sensibles cos que traballa eh?, porque é unha persoa... son unhas persoas cunha sensibilidade exquisita, exquisita, osea que no!, como non podemos facer un ascensor, debe ser tan difícil colocarlle un ascensor a unha grada... xa non digo unha rampla, porque una rampla necesita...., pero un ascensor?. Bah!!, vamos a gastar... se gastamos aí uns millóns de euros, para gastar uns miles de euros non nos vamos a permitir, aforrámoslos aí. Vamos!, por favor, dígalle ao señor Louzán que prescinda desos técnicos, porque vamos!, dende logo, sensibilidade cero.

**Sr. Alcalde:** Moi ben Sr. Magariños. Hombre, eu estaba intentando facer memoria, e a verdade que levo un rato, mentres vostedes interveñen, facer memoria dalgunha infraestrutura que fixeran vostedes que non tivera ou tivera medidas de accesibilidade, e a verdade non me acordo de ningunha que non a teña, porque non me acorda de ningunha infraestrutura que fixeran vostedes, entonces é un problema importante, que nos catro anos que estiveron que nin fixeran ningunha infraestrutura que teña problemas de accesibilidade, porque non fixeron ningunha, porque non tiveron nin a delicadeza de xestionar ningunha solución para algunha que si os tiña, porque, de feito, vostedes moitas obras de accesibilidade con catorce millóns de euros que tiveron dos proxectos do Plan E e do Plan da Diputación, e poideron facer unha cantidade de infraestruturas que, ao mellor, nos pavillons polideportivos, por exemplo, o que me ven a min á memoria, puideron facer unha mellora das condicións de accesibilidade en esas infraestruturas ou en algúns outros edificios públicos, e non... a verdade que non me ven á cabeza ningunha. Eso quere dicir que é moi fácil criticar determinadas decisións, eu recoñezo, e me gustaría que non se me cambiasen as miñas palabras, recoñezo e llo dixen que durante a execución da obra hubo unha .... un debate coa dirección técnica por motivo da accesibilidade á grada, todo o recinto do campo de fútbol é accesible, a grada non, hubo ese debate, recoñecemos nese momento... os técnicos recoñeceron que, aínda cumprindo a lexislación, o dixen antes e non cambien as miñas palabras, aínda cumprindo a lexislación, evidentemente, houbera sido mellor, houbera sido desexable que tivera algunha medida de accesibilidade a grada, en aquel momento, no que é dentro da execución do proxecto, no se pudo acometer. Esa solución ou esa decisión, que ademais se produceu un caso o día da propia inauguración, que eu tuven que atender a unha persoa con problemas de mobilidade que alí se desplazou e que non tiña posibilidade de achegarse á grada, chovía bastante aquel día, é certo que naquel momento nos trasladou o seu problema, incluso presentou un escrito no Concello e, desde aquel momento, nós llo

trasladamos á Diputación para que valorarase a posibilidade de facer un acondicionamento no Estadio para garantir a accesibilidade das persoas con mobilidade reducida á grada, o resto do recinto é accesible. O Concello non pagou o 50% desa infraestrutura, esa infraestrutura se pagou por tres vías, 200.000 euros os puxo o Concello, 450.000 euros os puxo a Diputación por un lado e 550.000 euros os puxo a Diputación polo outro, esa é a realidade; de feito tamén lle recordo que esos 450.000 que puxo a Diputación xa os tiñan vostedes destinados para facer unha chapuza no Campo da Baiuca, que era un soporte, un sostén da grada da Baiuca e unha reparación do peche perimetral non?, nós dixemos e manifestamos publicamente antes das eleccións que ese proxecto non nos gustaba e non o íbamos a apoiar. A xente coñecía cal era o proxecto do Partido Socialista e coñecía cal era o proxecto do Partido Popular, en ese caso creo que foi unha gran infraestrutura, creo que é unha gran obra, está tendo un uso extraordinario, extraordinario, centos de rapaces poden mellorar as condicións nas que practican as actuais actividades deportivas, e é certo que temos esa pequena mácula que temos que solucionar, darlle solución, e de feito nós xa trasladamos á Diputación ese feito, lle poido garantir que o intentaremos resolver, exactamente igual lles garantizo que os problemas de accesibilidade de espazos públicos que, desde logo, non conta con ela e durante moitísimos anos se construíron infraestruturas non pensando nesta cuestión, intentaremos, desde logo, lles garantizo ir poñendo remedio a esta cuestión.

Procedemos á votación desta Moción. Votos a favor?, abstencións?, votos en contra?. Rexéitase a Moción do Partido Socialista.

Sometido o asunto a votación, este é rexeitado polos votos en contra do PP (11) e a favor do PSdeG-PSOE (9) e BNG (1).

\*\*\*\*\*

**Sr. Alcalde:** Algunha outra Moción de urxencia?. Pois pasamos á parte de Xestión e Control.

#### **B) PARTE DE XESTIÓN E CONTROL**

##### **2º.- DACIÓN DE CONTA DOS ESCRITOS PRESENTADOS POLO COMITÉ DE EMPRESA DO CONCELLO DA ESTRADA, RELATIVOS Á INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE REPOSICIÓN CONTRA O ACORDO PLENARIO ADOPTADO EN SESIÓN DO 18-12-2014, E POSTERIOR SOLICITUDE DE DESESTIMENTO DO DITO RECURSO.**

**Sr. Alcalde:** O punto número dous é a dación de conta dos escritos presentados polo Comité de Empresa do Concello da Estrada, relativos á interposición de recurso de reposición contra o acordo plenario adoptado en sesión do 18 de decembro de 2014, e posterior solicitude de desestimento do dito recurso.

Dáse conta do escrito presentado con data 16-01-2015 (R.E. 449) pola totalidade dos integrantes do Comité de Empresa do Concello da Estrada, polo que interpoñen recurso de reposición contra o acordo adoptado na sesión plenaria do 18-12-2015 (punto 5º da Orde do Día), relativo á aclaración do acordo plenario do 08-05-1998 sobre a aplicación de parte do Convenio Laboral da Xunta de Galicia ao persoal laboral do Concello.

Así mesmo, dáse conta do posterior escrito presentado polo mesmo Comité de Empresa con data 02-02-15 (R.E. 1056), polo que manifesta o seu desestimento do

recurso de reposición interposto polo anterior escrito de 16-01-2015, solicitando que polo Concello se acepte o mesmo e se proceda ao arquivo do expediente.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

**3º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 30 DE XANEIRO DE 2015.**

**Sr. Alcalde:** O punto número tres é a dación de conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 30 de xaneiro de 2015.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas no período comprendido entre o 2 e o 30 de xaneiro de 2015 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

(NESTE MOMENTO ABANDONA Á SESIÓN O CONCELLEIRO JUAN M. CONSTENLA CARBÓN)

**4º.- ROGOS E PREGUNTAS.**

**Sr. Alcalde:** O punto número cuarto é o de Rogos e Preguntas. Non sei si hai algunha cuestión? Ten a palabra Dna. Belén Louzao.

**Sra. Belén Louzao:** Ben, antes de nada...bueno, pois, si está ben o tema da dieta mediterránea, o da dieta atlántica, non sei onde se encadra, pero dicir que as pasas son moi boas para memoria, pois igual aínda estamos a tempo de comprar pasas e fortalecer a memoria, porque bueno... é unha pena, é unha pena ter problemas de memoria a unha idade temprana. Vamos a trasladar unha serie de rogos que nos fan chegar os veciños.

Un deles afecta á parroquia de Matalobos, xunto á igrexa, no espacio reservado á marxe da carretera onde aparcan habitualmente os vehículos para acudir aos actos da igrexa. Hai unha reixa que... pois que impide que os vehículos pois teñan problemas cunha entrada e unha cuneta. Esa reixa está dobrada e resulta agora mesmo un problema para os vehículos que aparcan alí. Entonces rogamos se proceder reparar dito elemento.

Rogamos tamén que atenda as necesidade que está a acontecer na vila da Estrada con respecto á sinalización da circulación na Avda Benito Vigo. Por todos é coñecido que xa son varios meses nos que os semáforos desta arteria principal do noso Concello están sin funcionar, chegando incluso a existir accidentes de circulación. Pedimos que de inmediato se acometan esas reformas necesarios, xa non vamos a entrar que a finais do ano pasado se nos daba conta dun Decreto polo que se pagaban 1.000 euros para reparar semáforos en Benito Vigo, pedimos que se arranxen dunha vez e se poña solución a este problema. Sen ir máis lonxe, hoxe pola tarde, cando nos desplazábamos a este Concello para o Pleno, voltaba a ver problemas e un susto novo cunha persoa que querendo cruzar, pois os coches non a vían. Polo tanto, rogamos se acometa de inmediato e se sinalice adecuadamente este vial con respecto á circulación. Mesmo incluso podía dicir e ser sarcástica dicindo que pensei que se trasladaran as luces dos semáforos á Plaza do Concello, pero bueno, non o vou a dicir.

Dicir tamén e rogar que se atenda á solicitude dos Centros de Veciños que pediron que as súas vivendas foran incluídas dentro... recoñecidas fóra de ordenación e que siguen agardando que se respondan aos seus expedientes. Polo tanto que se atendan de inmediato estes expedientes, porque levan xa tres anos agardando por unha resposta do Concello para algo que o Sr. Alcalde dixo que resolvía en dez días. Insistimos, rogamos por enésima vez se atendan a estos veciños.

E voltamos a pedir a este Pleno, ao grupo de goberno que se nos facilite a documentación que temos pedida. Bueno, pois se nos vai dando a cuenta gota, todavía seguimos tendo documentación á que vostedes non nos dan acceso, sen ir máis lonxe, contas que temos pedido ou informes de facturas, por eso pedimos que se nos dé traslado desta documentación o antes posible. Gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben. Moitas gracias. Eu creo que coincidimos no tema da regulación semaforica e é certo que se produciron algúns problemas. Temos que acometer unha inversión importante na regulación, na inversión que supera os 22.000 € no que supón á posta en marcha de tódolos semáforos da Avda. Benito Vigo, algúns deles por problema do cableado, outros deles por problema da instalación, o que si temos xa adxudicada a unha empresa a primeira obra que é a do Benito Vigo co cruce coa Avda. De Vigo e Waldo Insua. Onte mesmo estiveron os Técnicos municipais porque parece ser que desde fai moito tempo esos semáforos non tiñan toma de terra co gran peligro que eso supón, e parece ser que hubo cando se fixeron a renovación das farolas da Avda. Benito Vigo, a empresa cortou a toma de terra de esas... de esos semáforos co conseqüente peligro que pode haber para calquer ciudadano que se poida achegar a eles, é unha desgracia que poida ocorrer non?. Polo tanto se mandaron á brigada de obras, nos informou a empresa desta cuestión, a propia brigada tuvo que facer unhas rozas para incorporar as correspondentes tomas de terra e agora a empresa adxudicataria poñerá en servizo xa esos semáforos e posteriormente os da Avda. Benito Vigo co cruce ca Calle Castela, non?. Eu espero que en breves días esa cuestión este resolta.

En relación a expedientes de fóra de ordenación, é certo que hai un atasco importante no departamento de Urbanismo froito tamén de unha cantidade importante de expedientes de licencias de nova construción que nos piden axilizar, pero tamén é certo que non deixa de ser sospeitoso que vaian vostedes falando agora das vontades de fóra de ordenación cando este señor sendo Diputado autonómico e tuvo varias charlas con colectivos empresariais explicándolle as bondades desta cuestión, e eran vostedes os que viñan detrás falando das tremendas maldades que supoñía o cambio da Lei e o suposto de fóra de ordenación e a regularización de estas instalacións non?. É curioso porque ao final... como esto todo é cíclico e o final todo ten... todo chega ao seu momento, home... eu recoñezo a miña parte, recoñezo que os técnicos teñen que ser máis dilixentes e esos expedientes... resolvéronse máis do 70% dos expedientes, quedan un número pequeno, pero é certo que quedan un número por resolver, pero que veñan vostedes a falar agora da bondade do expediente cando falaban vostedes que a solución era unha disposición transitoria na que lle fixeron gastar miles de euros aos empresarios, miles de euros lle fixeron gastar aos empresarios nunha disposición transitoria da LEI que non lles valeu absolutamente para nada, cando nós defendíamos que había... era este expediente regularización e agora... bueno, pois eu creo que cando menos hai que ser un pouco rigoroso, e si é certo que vostede me vai a criticar esto, dígame: "Oye reconozco que vostede tiña razón, pero agora resólvaos por favor Señor Alcalde"; porque realmente é certo que foron unha boa decisión que o goberno galego tomou en contra, por certo, do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento de Galicia. Así que creo que as cousas, en ese caso, se fixeron ben e o que temos que facer nós é aplicar, en ningún caso corren ningún risco

porque están presentadas en tempo e forma, e é o Concello o que tarda en resolvelas, polo tanto, se resolverán de forma favorable e seremos capaces de solucionarlle un gravísimo problema que viñan arrastrando centos de empresas da Estrada desde fai decenas de anos, e por fin, gracias a esta modificación da Lei, van a poder regularizar a súa construción e regularizar a súa actividade non?, dous aspectos importantísimos para calquera empresa e, polo tanto, ca nova Lei de emprendedores van a estar dentro da legalidade para a actividade que están desempeñando nesas naves; era boa, reconozco dígo publicamente, era unha gran noticia e agora, bueno pois de forma indirecta, vostede o esta recoñecendo, temos que resolvelo porque é unha gran noticia para os empresarios e para as persoas que teñen as súas vivendas fóra de ordenación.

E en canto a documentación solicitada descoñezo esta cuestión, pero creo que sempre tivo acceso aos expedientes de forma normal e se lle comunicará e se lle dará traslado sen maior problema e espero que así sexa nos próximos días.

Hai algunha outra cuestión? Ten a palabra Señor Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras:** Si, dúas preguntas e algún rogo. Unha pregunta é cando se vai a rematar a traída de auga de Guimarei?, que bueno ,parece que hai algunhas solicitantes que están sin auga, que a teñen solicitado en tempo e forma e non parece que se lle vaia a dar unha resposta. Queren saber cando se vai a rematar con todo o proceso da traída.

E despois outra pregunta é como está o proxecto de legalización do gas na Estrada?, que, bueno, abrírase un expediente novo para legalizar modificacións que se fixeran na conducción e como vai este expediente? e cando ser rematará?.

Despois rogos, un xa medio mo contestou, que llo ía a facer que era... bueno un rogo que lle fixen xa hai varios plenos, varios meses, que era no cruce da Rúa Castelao, que non parece que sexa un problema moi grande nestos semáforos porque funcionan case todas as bombillas menos dúas, non debe ser un problema tan grave si funciona todo e hai o dos peóns en verde un deles, un ou dous que non funcionan, non debe ser unha obra tan complexa como para non poder solucionarala.

E despois outro rogo é que me fagan chegar unha documentación que teño solicitada e aínda non se me fixo chegar.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, pois nada en relación a traída de auga de Guimarei sabe vostede que o Concello invertiu nos últimos 2 anos máis de 100.000 euros na obra, dúas fases para dar servizo do abastecemento de auga da rede principal da auga ás vivendas de Guimarei. Esta obra, para que teña un dato máis ou menos relevante, dou servizo a máis de 100 vivendas, que a maior parte delas decidiron conectarse á rede de abastecemento de augas municipal e outras delas deixaron o que é a conexión prevista para o momento no que consideren engancharse. É certo que faltan... teño na mente agora mesmo, creo que son 6 vivendas desas 100 que se acometeron, 6 vivendas que están e quedaron pendentes de executar porque sabe vostede que están moi próximas ao Castro de Guimarei, e ese Castro de Guimarei pois a Comisión Delegada de Patrimonio de Pontevedra estableceu que había que facer unha prospección arqueolóxica e unha serie de estudos previos para valorar si existen restos en ese entorno. O que se fixo foi resolver a totalidade do proxecto, exceptuando ese pequeno tramo que estamos en vías de solución con Patrimonio porque nos parece totalmente desproporcionado a Resolución que emite a propia Dirección Xeral de Patrimonio en relación a este tema; estamos xa en conversas coa propia Dirección de Patrimonio e Xefatura Territorial para intentar resolver esta cuestión e poder facer unha canalización, que aproximadamente son 250... 300 metros de tubaría, para poder dar servizo ás vivendas que

están na parte de atrás do Castro e pegadas á carretera provincial, á carretera da Diputación, que son exactamente as 6 vivendas, 5 ou 6, porque unha delas non ten solicitada a conexión, que en teoría están interesadas en conectarse non?. Pero ese tema se resolverá, e tan pronto se resolva e teñamos o visto bueno de Patrimonio, o acometeremos, en cuestión de dous días teremos ese tema resolto, pero mentres tanto debemos de ser prudentes e esperar a ver que é o que nos di Patrimonio, si realmente avala o noso criterio, o criterio dos nosos técnicos que din que é unha intervención menor que practicamente é unha zanja que hai que abrir na cuneta da vía e que non ten moito sentido poñernos con esas condicionantes que establece, pero en todo caso, cando cheguemos a un acordo en ese aspecto pois se acometerá esa obra de forma inmediata.

E a legalización da rede de Repsol gas xa é... bueno, que foi... fixo pasou xa todo o trámite de exposición pública, e está agora mesmo en proceso de trámite de avaliación ambiental, e os técnicos interpretaron que practicamente creo que teñen xa recepcionado os informes sectoriais dos organismos que tiñan que informar en relación a este tema, se remitiu o expediente á Consellería e esperemos... creo que avanzou moito, se comunicaron máis de mil cartas a mil domicilios en relación coa legalización de esta rede, ca legalización da propia planta e a partir de aí pois eu espero que agora estemos no trámite final, que chegue a avaliación ambiental do proxecto e que poidamos conceder licencia da legalización da obra e tamén da propia actividade, que como sabe vostede estaba en unha situación non legal. E, polo tanto, eu espero que agora na recta final deste proceso sexamos quen de resolver esta cuestión, que non era unha cuestión menor, nin era unha cuestión fácil, cando bueno... pois nos dimos conta da situación na que estaba toda a rede de gas que hai no Concello da Estrada.

Ten a palabra Señor Magariños.

**Sr. Magariños Maceiras:** Si, con respecto a Guimarei efectivamente hai unhas casas que si están próximas ao Castro, o que non entendo e que de paso que se fixo os trámites, porque supoño que tamén se farían os trámites para as casas que están doutro lado, que tamén están ao lado do Castro, que aí se lle dou a auga pero no outro lado non; pero a parte polo que me informan os veciños de Guimarei, hai casas que están sin este servicio que non están afectadas polo Castro, sen embargo non se lle... están sin a traída. Entón, bueno, que se axilicen os pasos canto antes para darlle un servicio esencial a estos veciños afectados.

**Sr. Alcalde:** Señor Magariños, sabe vostede que a auga e un fluído que ten que ir por un tubo, que ten que pasar por unha conducción determinada, evidentemente as casas non teñen porque estar afectadas pola área de protección do Castro, pero a conducción ou a canalización que hai que facer para poder levarlle a auga a ese domicilio evidentemente si que ten que pasar por unha zona de afección. O que lle quero dicir eu e que esas casas quedaron sin conectar porque o ramal que esta proxectado para poder facer chegar ás casas a auga pasaba pola zona que está afectada polo Castro, por eso houbo que deixar de facer ese ramal do que eu falaba entorno a 250 300 metros. As casas que se serven do outro lado da Estrada, non se serven de ese ramal que estaba programado no proxecto. O proxecto cando queira pode velo aquí, o temos por suposto á súa disposición, e o que entenderon os técnicos é que esas vivendas tiñan que servirse ou viña mellor para o proxecto, era máis económico servirse polo ramal que viña polo medio do lugar cara ao Castro non?, e non o servizo que se lle daba as outras vivendas polo outro lado. De feito, xa lle digo, eu creo que se vai a resolver de unha forma amistosa con Patrimonio, e seremos quen de poder darlle solución dunha forma... nun tempo razoable a estos... a estos veciños.

**Sr. Magariños Maceiras:** Si, eu sei por onde vai a auga, de feito levei, modestia a parte, boa nota na sinatura hidráulica, entón algo sei. Eu me refiro, non me refiro ás casas afectadas por ese ramal, senón casas que... sería outro ramal distinto, descoñezo si é verdade ou non, ben é certo, pero me contaban hoxe concretamente que fun falar cun veciño afectado, que había veciños que non estaban afectados por ese ramal e non teñen servizo.

**Sr. Alcalde::** A min ese caso cónstame, un caso exclusivo que a... que parece ser que esa vivenda tiña, non estamos falando deste lugar, estamos falando de preto... da estrada que vai cara á Igrexa, un veciño que estaba no proxecto a conexión, digamos que polo vial que vai pola parte superior da súa vivenda e el solicitou... pideu que non quería facer a conexión por aí, que quería facela por un vial que ven pola parte inferior da súa vivenda. Evidentemente esa obra que non estaba contemplada no proxecto e eles parece ser que non queren conectar alí, bueno pois, se intentará darlle unha solución razoable pero foi unha decisión do propio particular, eu e o único....

**(no se aprecia o audio)**

**Sr. Alcalde:** Eu é a única que coñezo, o resto creo que, quitando as vivendas que están no entorno do Castro e no entorno da Carretera Provincial A Estrada-Forcarei, non coñezo ou descoñezo, pode ser que si, pero temos identificadas todas as vivendas que nos trasladaron a súa intención de conectarse a rede e non teñen posibilidade de facelo, pero, polo menos témolas todas identificadas, e eu lle agradezo si hai algunha a maiores que no lo comunique porque intentaremos facer a obra o máis rápido posible e resolver esa cuestión.

Non sei si hai algunha outra cuestión?, algún rogo ou algunha pregunta?. Pois antes de dar por finalizado o Pleno e dentro do que é o Regulamento de Participación Cidadán, calquera persoa do público pode solicitar o uso da palabra para facer un rogo ou unha pregunta, previa identificación que lle collerán e lle achegarán o micrófono co seu documento nacional de identidade.

Ten a palabra vostede Don José María.

**Don José María Vázquez Caramés (DNI 35257358Z):** Boas noites a todos. Despois de escoitar, si.... Despois de escoitar que as persoas cunha minusvalía teñen dereitos, eu sigo reclamando os dereitos que se lle privaron á miña filla en Pontevedra. Primeiro, por xente que cando un non entende unha carta nese gallego medio portuguésado, porque eu eso non o entendo, entendo o que falamos aquí pero o outro non o entendo, pois foi privada dun dereito en Pontevedra e en Madrid, sería bo que nestos momentos, como estamos en ano electoral, que explicaran, porque creo que é un dereito constitucional, que podemos recibila en castellano e en gallego o que queira, pero eso onde existe unha ditadura nazi, como é o caso de Pontevedra, pasa, porque eu son unha persoa que, por problemas de salud, tiven que ir a Tribunais Médicos a Vigo e a Pontevedra. En Vigo non hai ningún problema, pídelo en castellano, mándancho en castellano, aténdente en castellano, osea todo de maravilla. Sin embargo, na provincia de Pontevedra, onde reside a maior parte da miña familia por parte do meu pai, somos privados dese dereito. Dese dereito xa eu fun privado cando fixen a solicitude aquí neste Ayuntamiento. Cando fixen a solicitude neste Ayuntamiento, fai máis de catro anos, xa eu fun privado dese dereito, que no seu día estaba censado en Teo e dixéronme: "Aquí ou o mandas en gallego ou noutra non tes dereito a el", entón cambieime e fíxeno aquí e tamén me

foi negado, incluso se me chegou a decir que si o mandaba en castellano que non lle facían nin caso. Son cousas que son... eu considéroas bastante graves, e as veces os medios de comunicación fan eco de outras tonterías e eso non o resaltan para nada. Esa é unha das cousas, porque a ela eu tuven que devolver dous mil... creo que ochenta e seis euros, unha persona que ten un 86% de minusvalía, e por un error dun supueste psicólogo de Pontevedra, donde fan o que queren eh?, porque eu como teño tempo segúin un pouco a actividade desa xente, marchan do traballo antes da hora, votan como mínimo unha hora no bar de en frente, como mínimo unha hora, despois critican á Conselleira de Sanidad, como ela pon orden un pouco nas cousas crítica, e eso a min paréceme bastante mal. Porque cando foi o tema dos transplantes de Santiago onde ela estivo, máis onde estivo xunto cos médicos, nunca fomos privados de nada para a nosa curación, nunca, o que non queren son vagos. E eu fun unha das persoas un pouco menospreciado, non falo do personal sanitario, me refiero a enfermeras ou a médicos, pero por algún celador cando hubo que facer algún recorte decía: "eso ídelo pagar vos, eso ídelo pagar todos vos." E non máis tarde que ayer en Pontevedra, preguntando pola salud do meu pai que está nas últimas, que lle quedan dous ou tres días por desgracia de vida, preguntolle á jefa de enfermeras que quería ter información, díxenlle: "mire por favor, buenos días" que non mo respondeu. Co que estou decindo aquí, vai a ir na semana que ven por escrito á Consellería de Sanidad eh?, para que tome cartas no asunto, con acuse de recibo, porque eu non me escondo eh?. "Mire por favor a qué hora podo falar co médico e ter noticias desto?", Hai, no es que no está aí e tal", además eso se le dice a una persona, eso no se le puede decir a todo el mundo. Dixen: "perdone, eu son o fillo de ese señor, non son todo el mundo, son o fillo de ese señor". Ahh bueno chegou un médico por alí e dille: "no, é que este quiere que le digan esto"; Non perdone, usted non confunda as palabras, eu dixen "a qué hora" con educación, e "cando podo falar co médico". Fun privado dese dereito, que despois puiden falar cos dous médicos, cun señor e máis cunha señora que por certo un diez. Porque todo eso o vou poñer a por escrito, un diez, agora, esa persona en vez de estar exercendo de jefa de enfermeras, tiña que estar coidando borregos ao mellor pois noutro sitio, porque nin educación, nin cultura, nin clase, e eso eu creo que o reclamamos moi pouco e temos que reclamalo máis veces, o que está pasando no ámbito sanitario. E como escoitei aí ao Señor Magariños, que fala moi ben dos dereitos dos minusválidos, ostia da gusto sentilo, pero é como por desgracia un parente meu que teño que é cura, tuven a desgracia de ter un pariente cura, entonces dí: "Fai o que eu digo e non o que eu fago", porque estáche botando a bendición pero e estáche jodendo por detrás, entonces é tres cuartos do mesmo.

Cando se fala dos dereitos dos minusválidos hai que aplicalos incluso onde mandan eles, hai que aplicalos e respetalos e non pisotealos como estaban facendo. Porque eu ao día de hoxe teño a miña minusvalía sin recoñecer, porque se negan a mandarme a carta en castellano desde a Consellería, néganse a mandarma en castellano, e eso vouno poñer nos medios de comunicación para que fagan eco deso. Tamos en período electoral, hai que decir o que fai cada persona, cada un a que se dedica, uns a impoñer unha ditadura e outros unha democracia, eso é importante que se sepa. E a min as ditaduras non me gustan, ningunha delas, sea de quen sea, me da igual que sea de Rajoy, que sea de Zapatero, que sea de María Santísima. As ditaduras non me gustan. Si temos uns dereitos hai que respetalos.

Nada máis, moitas gracias.

**Sr. Alcalde:** Moi ben, moitas gracias José María. E nada, é unha cuestión importante, é unha cuestión menor pero, bueno, non é competencia deste Pleno, pero queda constancia por suposto na acta correspondente desta sesión plenaria a súa queixa e esperemos que



teña cumprida resposta.

Ten a palabra agora a seguinte persoa, espere un segundo a que lle dea o uso da palabra, tan pronto.... Ten a palabra o Señor Valladares.

**Sr. José Manuel Valladares (Pasaporte de Venezuela Expediente nº F0028994- Pasaporte nº 9964202 validez 20/04/2015):** Hola moi buenas. A min gustaríame saber en concreto, porque eu estuven agora fora, e gustaríame saber si esta aprobado o PXOM ou non está aprobado no Concello da Estrada, si ou non?

**Sr. Alcalde:** Si formule.... formule vostede as preguntas que queira e eu despois lle responderei.

**Sr. José Manuel Valladares:** Vale, de acuerdo.

**Sr. Alcalde:** Na medida das posibilidades a todas as que eu poida si....

**Sr. José Manuel Valladares:** Segundo, recibín unha carta aquí... a actual Alcaldesa, eu penso que votamos un Alcalde, dunha carta onde di que un camiño público....foi votada o día 21 de enero e chegoume o 25 de febreiro deste ano, non creo que desde aquí A Estrada a San Miguel de Castro tarde dous meses en chegar unha carta co acuso de recibo, cousa que donde me acusan a min, tanto a min como a meu pai, e eu non estaba aquí en España nese momento e podo comprobalo, e máis non sei de donde me quere desdecir, porque si non o estipulades mellor donde foron os hechos, eu desconozco, porque chegoume hasta a Policía Local en dúas ocasións, que eu estaba facendo un cierre para unha finca dunhas vacas, unha delas chegou ás oito da noite e aínda lle tuvo que ir a miña muller a alumbrarlle con unha lámpara, non sei que pase esto no siglo XXI páreceme un pouco algo raro.

Despois tamén quero decir, polo caso dunha obra que foi denunciada por miña nai no ano 2003, donde debía cumprir a cultura e patrimonio, donde vostede lle dou permiso a poder... a facer esa obra. Por tanto vereime obrigado a ter que denunciálo a usted mesmo ou ás personas que sean responsables de Urbanismo neste Concello, porque esa persona derrumbou tres vivendas de cultura de patrimonio donde aquí pon en 2003, de julio, donde ten que respetar a altura, dimensións e donde xa pideu un permiso solamente para un tellado, donde se está vendo que a obra non coincide co acordado no seu día. Por tanto terei que ir as institucións que teña que ir. É todo.

**Sr. Alcalde:** moi ben, pois moitas gracias pola súa... polo seu aviso, e nada, decirlle basicamente que a única cuestión que lle podo respostar é que si está aprobado o Plan Xeral e de feito se esta desarrollando con normalidade e está en vigor e se está aplicando en tódolos seus términos, o Plan Xeral da Estrada está... o Plan Xeral da Estrada está aprobado, está en vigor e está en plena aplicación....

(non se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Perdone pero eu....

(non se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Creo que debe respetar, xa tuvo vostede o seu turno de palabra, creo que agora debería de deixar intervenir aos demais. Vostede xa rematou e polo tanto eu o que lle quero decir é que hai un Plan aprobado que está en vigor, que está en plena aplicación e sabe vostede que hai un recurso, que se resolverá, dun colectivo que

entende que ese Plan hai que anulalo. Pero o Plan está en aplicación total e absoluta, e non hai ningún tipo de cuestión legal que impida aplicalo nos seus términos aprobados.

En relación aos outros expedientes, como comprenderá descoñeza en detalle e cuestións relativas a algún expediente ou algunha información que vostede me pedía e, en todo caso, creo que vostede ten.....

(non se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** ...vostede, Señor Valladares, ten a súa disposición... sabeo perfectamente aos Técnicos municipais e aos servizos para ....

(non se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Señor Valladares e que....

(non se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Non está vostede xa no uso da palabra...

(non se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Vostede rematou pero xa....

(non se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Eu pregunteille....

(no se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Señor Valladares, eu pregunteille si rematara, creo que aquí todo o mundo estivo perfectamente atento a súa exposición, eu creo con educación e con respecto. E o que lle pido, cando menos, está vostede nunha sesión plenaria dunha Corporación municipal, o que lle pido e que, vostede acabou a súa intervención eu lle estou respondendo.

(non se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Eu....

(non se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Moi ben.

(non se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Moi ben.

(non se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Queda recollida a súa queixa, e queda recollida tamén o seu rogo e a súa pregunta.

(no se aprecia audio)

**Sr. Alcalde:** Señor Valladares eu creo que xa está suficientemente debatido. Algunha outra intervención?

**(non se aprecia audio)**

**Sr. Alcalde:** Algunha outra intervención?. Pois agradecéndolle a todos a presenza en esta sesión de Plenos e dándolle as gracias, que teñan boa noite, levántamos a sesión. Moitas gracias.

\*\*\*\*\*

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros, nin por parte do público asistente, levántase a sesión ás vinte e dúas horas cinco minutos.

A Estrada, 5 de marzo de 2015  
A SECRETARIA EN FUNCIONS,

Asdo.: M<sup>a</sup> Jesusa Fernández Bascuas